



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,

EDUCACIÓN, FORMACIÓN

PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris

e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



PROXECTO EDUCATIVO

IES AGRA DE LEBORÍS

Proxecto Educativo modificado e aprobado polo Consello Escolar con data 3 de maio de 2024

Proxecto Educativo aprobado polo Consello Escolar con data 16 de xuño de 2022



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



INDICE

1. INTRODUCCIÓN... 5

2. ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO EDUCATIVO... 9

2.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO NOSO CENTRO... 9

2.2. ÁMBITO ECONÓMICO, SOCIAL E LABORAL DA CONTORNA... 10

2.3. A HISTORIA DO CENTRO... 10

2.4. CARACTERÍSTICAS DO NOSO EDIFICIO... 11

2.4.1. Edificio Principal... 11

2.4.2. Pavillón... 11

3. OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO... 12

3.1. Educación Secundaria Obrigatoria... 12

3.2. Bacharelato... 18

4. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO... 24

4.1. O ALUMNADO ... 24

4.2. O PERSOAL DOCENTE... 26

4.3. O PERSOAL NON DOCENTE... 27

4.4. AS FAMILIAS E A ANPA... 28

4.5. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DE GOBERNO E COORDINACIÓN
DOCENTE... 29

4.5.1. Equipo directivo... 29

4.5.2. Órganos colexiados... 30

4.5.3. Órganos de coordinación docente... 31

4.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS... 31

4.6.1. Servizo de comedor... 31

4.6.2. Servizo de transporte escolar... 32

4.7. ESTADO DAS RELACIÓNS E ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO
NOSO CENTRO... 32



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,

EDUCACIÓN, FORMACIÓN

PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris

e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



5. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE... 33

6. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN... 34

- 6.1. OBXECTIVOS XERAIS DO NOSO PROXECTO EDUCATIVO... 34
- 6.2. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN... 35
- 6.3. OBXECTIVOS DA ETAPA DE ESO... 35
- 6.4. OBXECTIVOS DA ETAPA DE Bacharelato... 37
- 6.5. COMPETENCIAS CLAVE NAS ETAPAS DE ESO E BACHARELATO... 38

7. CONCRECIÓN CURRICULAR. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS... 40

- 7.1. CONCRECIÓN CURRICULAR... 40
- 7.2. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS... 42

8. AVALIACIÓN. CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E CONCRECIÓNS NA ESO E NO Bacharelato... 46

- 8.1. AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO. MATRÍCULA DE HONRA... 46
 - 8.1.1. Avaliación na ESO... 46
 - 8.1.2. Promoción na ESO... 50
 - 8.1.3. Consello Orientador... 54
 - 8.1.4. Título de Graduado/a en ESO... 55
 - 8.1.5. Matrícula de Honra... 58
 - 8.1.6. Outros aspectos a ter en conta na avaliación... 59
- 8.2. AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO Bacharelato. MATRÍCULA DE HONRA... 61
 - 8.2.1. Avaliación no Bacharelato... 61
 - 8.2.2. Promoción no Bacharelato... 64
 - 8.2.3. Título de Bacharel... 66
 - 8.2.4. Matrícula de Honra... 67
 - 8.2.5. Outros aspectos a ter en conta na avaliación... 68



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



8.3. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NA ESO E NO Bacharelato...70

8.4. AVALIACIÓN OBXECTIVA E PROCEDEMENTOS DE RECLAMACIÓN NA ESO
E NO Bacharelato... 72

8.4.1. Na etapa da ESO... 72

8.4.2. Na etapa de Bacharelato... 76

9. PLANS E PROXECTOS ESPECÍFICOS DE CENTRO... 81

9.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE... 81

9.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL... 82

9.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL... 82

9.4. PLAN DE CONVIVENCIA E COOPERACIÓN... 83

9.5. PLAN DE IGUALDADE E COEDUCACION... 85

9.6. PLAN DIXITAL... 86

9.7. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO... 88

9.8. PROXECTO LINGÜÍSTICO... 89

9.9. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA... 90

9.10. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA E CLUB DE LECTURA... 91

9.11. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES... 92

10. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO... 94

10.1. DIFUSIÓN... 94

10.2. SEGUIMIENTO... 94

10.3. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA... 95

11. NORMATIVA EDUCATIVA, BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA... 98



1. INTRODUCCIÓN

O proxecto educativo considérase o documento de xestión organizativa e pedagóxica que define as directrices do noso centro e vai adaptándose aos cambios e características do mesmo. Documento en permanente revisión, activo, que conta coa participación de toda a comunidade educativa.

Segundo a Lei Orgánica pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE), os centros educativos indicarán nos seus proxectos educativos:

- A organización didáctica.
- O oferta de materias.
- Un plan de mellora do centro.
- Proxectos e plan específicos.

O artigo 121 desta lei específica no apartado Proxecto Educativo:

O proxecto educativo do centro recollerá os **valores, as fins e as prioridades** de actuación, incorpora a **concreción dos currículos** establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os **principios, obxectivos e metodoloxía** propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Asimesmo incluírá un **tratamento transversal**:

- Da educación en valores.
- Do desenvolvemento sostible.
- Da igualdade entre mulleres e homes,
- Da igualdade do trato e non discriminación
- Da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres.
- Do acoso e do ciberacoso escolar.
- Da cultura de paz e dos dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá asimismo a **estratexia dixital** do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.

Dito proxecto estará enmarcado nunhas **liñas estratéxicas** e terá en conta as características da contorna entorno social, económica, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna. O proxecto recollerá, alomenos:



- A forma de atención á diversidade do alumnado.
- Medidas relativas á acción tutorial.
- Plan de convivencia e plan de lectura.
- Deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente das mulleres e homes.

Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que puidesen existir na **competencia en comunicación lingüística**, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo dita análise e tales medidas no proxecto educativo.

As Administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación de ditas medidas.

O proxecto educativo incorporará un **plan de mellora**, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se establezan as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e a contorna.

No marco do establecido polas Administracións educativas os centros establecerán os seus proxectos educativos, que **deberán facerse públicos** co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Asimesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo, favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos/as e do profesorado.

Corresponde ás Administracións educativas **favorecer a coordinación** entre os proxectos educativos dos centros de Educación Primaria e os de Educación Secundaria Obrigatoria co obxecto de que a incorporación dos alumnos á educación secundaria sexa gradual e positiva.

Os centros promoverán **compromisos educativos** entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignen as actividades que pais, profesores e alumnos se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.



O **DECRETO 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria**, nos artigos 88 a 91 sobre o “proxecto educativo do instituto” regula os seus aspectos básicos:

Art.88	Os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica , que deberá centrarse no proxecto educativo (PE) de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento. (Agora Proxecto Educativo, programacións didácticas e normas de organización e funcionamento)
Art. 89	1. O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do instituto de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro e a Xunta de delegados de alumnos/as. 2. O proxecto educativo do instituto será aprobado e avaliado polo Consello Escolar. 3. O equipo directivo procurará amosar o PE do centro de maneira que permita un mellor coñecemento do mesmo cara á orientar os alumnos/as e os seus pais (proxenitores ou representantes legais), e favorecer, deste xeito unha maior identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.
Art. 90	Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos/as, das características da contorna escolar e das do instituto, o PE fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá: <ul style="list-style-type: none">a) A organización xeral do instituto, que se orientará á consecución das fins establecidas no artigo 1 da LOXSE e o cumprimento dos principios establecidos no artigo 2 da mencionada lei. (Agora LOMLOE).b) As fins e as intencións educativas do instituto de acordo coa identidade propia do centro.c) Os obxectivos do instituto tendentes a lograr a normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 4 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios (Agora Decreto 79/2010)d) A adecuación ó contexto do instituto dos obxectivos xerais das etapas que se imparten no mesmo e que deberán desenvolverse no Proxecto Curricular (agora Programacións didácticas)e) O regulamento de réxime interior do instituto (Agora Normas de Organización e Funcionamento)f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.



	<p>g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade.</p> <p>h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do Concello e outras institucións.</p>
Art. 91	A Inspección Educativa supervisará o PE para comprobar a adecuación ao establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan .

Para a realización deste proxecto educativo cóntase con toda a representación da comunidade educativa. Agradécese a colaboración do Concello da Laracha que axudou a realizar unha parte relativa á realidade da contorna do centro educativo, dos ámbitos económico, social e laboral.

Por último indicar que na elaboración dun proxecto educativo e funcional debemos atender ás novidades en materia normativa e en materia de competencia profesional docente. Respecto ás competencias profesionais docentes estrutúranse en tres áreas: pedagóxica, profesional e social:

- Na área **pedagóxica**:
 - Competencia didáctico-metodolóxica
 - Competencia comunicativa
 - Competencia dixital
- Na área **profesional**:
 - Competencia en desenvolvemento profesional
 - Competencia en organización escolar e colaboración
- Na área **social**:
 - Competencia en saúde, seguridade e benestar social
 - Competencia inclusiva, social e cidadá

Cada competencia inclúe unha serie de descritores competenciais a desenvolver no profesorado, con tres niveis de progresión: básico, medio e avanzado.

Tómase como referencia o presentado no “Congreso sobre as competencias profesionais docentes” celebrado con data 29 de marzo de 2023 en Santiago de Compostela.



2. ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO EDUCATIVO

2.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO NOSO CENTRO

O centro está situado no concello da Laracha, na comarca de Bergantiños. Atópase na Rúa Manuel Murguía, xunto á Biblioteca Municipal e moi preto da Casa da Cultura e da piscina. Estamos a 24,8 Km da Coruña e a 11,3 Km de Carballo.

O mapa da situación xeográfica do Concello, na estrada AC 552 que vai da Coruña a Fisterra é o seguinte:



Acolle alumnado de todo o Concello e localidades limítrofes. Os centros adscritos ao noso instituto son:

- O CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha.
- O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco.
- O CEIP de Caión.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,

EDUCACIÓN, FORMACIÓN

PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris

e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



2.2. ÁMBITO ECONÓMICO, SOCIAL E LABORAL DA CONTORNA

Segundo datos aportados polo propio Concello da Laracha a poboación coa que conta é de 11.602 habitantes, segundo os datos do padrón municipal a 20 de xuño de 2021.

O termo municipal ten unha extensión de 125,95 km² repartidos en 13 parroquias e máis de 300 núcleos de poboación, dos cales soamente tres son urbanos. Precisamente nas vilas da Laracha, Paiosaco e Caión residen practicamente a metade dos habitantes, sendo a outra metade veciños residentes en zonas rurais.

Nos últimos anos estase a rexistrar un progresivo aumento da poboación, circunstancia que se fixo aínda máis notable desde a pandemia do coronavirus.

Durante décadas a agricultura e gandaría foron os motores económicos do municipio, que foi considerado como *graneiro de Galicia* pola súa alta produción debido á fertilidade da terra. A día de hoxe ditas actividades seguen tendo certa importancia e contan con profesionais de primeiro nivel, aínda que a maioría das explotacións son de pequena entidade e mesmo de autoconsumo.

Na única saída ao mar do municipio, a vila de Caión, o sector pesqueiro que, tan importante foi décadas atrás, perdeu gran relevancia en favor das embarcacións de recreo.

A día de hoxe os sectores económicos máis importantes do Concello da Laracha son os servizos, o turismo, a construción e especialmente o industrial, grazas á implantación de firmas de primeiro nivel nacional e mesmo mundial no parque empresarial.

2.3. A HISTORIA DO CENTRO

O Instituto empezou a funcionar no curso 1996-1997. Impártese a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais (a terminoloxía das modalidades foi cambiando segundo os novos marcos normativos).

Impartíronse as Seccións Bilingües en Educación Física en 1º da ESO e nas materias de Educación Física, Educación Plástica e Música en 3º da ESO. Actualmente mantense as de Educación Plástica e Música en 3º da ESO. Esta sección complétase cun programa de desenvolvemento das linguas estranxeiras con auxiliar de conversa en inglés.



2.4. CARACTERÍSTICAS DO NOSO EDIFICIO

2.4.1. Edificio principal

O centro conta con 21 aulas, dous laboratorios, dúas aulas–obradoiro, dúas aulas de Informática, dúas aulas de Educación Plástica, unha aula de Música, unha biblioteca, un ximnasio, un pavillón polideportivo, unha sala de usos múltiples, locais para os Departamentos Didácticos, sala de profesorado, oficina de Secretaría, conserxaría, despachos para os membros da dirección, despacho para o orientador, aula de Convivencia, sala de Titoría, varios almacéns e cuartos de limpeza, cafetaría, baños e ascensor.

Estes espazos van adaptándose ás distintas necesidades xurdidas no centro dende a súa creación ata a actualidade, resultando neste momento as aulas de tamaño reducido, precisando empregar espazos específicos como aulas de referencia.

As aulas de 1º e 2º de ESO contaron con dotación ABALAR completa, que está obsoleta. Ademais no curso 2015-2016 dotáronse de ordenador, canón e pizarra dixital o resto das aulas do centro. As melloras tecnolóxicas deben ser un obxectivo claro para adaptar as novas necesidades de xestión e organización.

No curso 2019-2020 coa pandemia pola Covid19 foi necesario poñer en marcha diversas adaptacións do noso contexto escolar, nas que estaban incluídas accións para a formación permanente do profesorado en tecnoloxías da información e comunicación, e utilización de recursos tecnolóxicos específicos para a docencia virtual (ensino virtual) primando o emprego das aulas virtuais, videoconferencias, Abalarmóbil e correos corporativos, entre outros.

No curso 2021-2022 deséñase o primeiro plan dixital do centro, que permitirá dotalo de recursos financiados pola Unión Europea e o Ministerio de Educación.

2.4.2. Pavillón

O centro, ademais do edificio principal que inclúe un ximnasio, conta no recinto co pavillón, espazo compartido co Concello tanto para a realización de diversas actividades a nivel local como para as propias do centro educativo (clases de Educación Física, celebracións, competicións, Plan Proxecta...)



3. OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

3.1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A oferta educativa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de actual liña catro, foi aumentado dende a súa creación, motivada polo aumento do alumnado.

O alumnado durante a etapa da ESO se acada os obxectivos obtén o **Título** de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria.

Este título permite ao alumnado:

- Continuar estudos de Bacharelato no propio centro (ou noutros centros con outras modalidades: Xeral ou Artes)
- Continuar estudos de Formación Profesional de Grao Medio ou ensinanzas profesionais de réxime especial de grao medio.
- Acceder ao mundo laboral.

O alumnado que non acada os obxectivos da etapa obtén un **certificado** de estudos realizados e ofrécenselle opcións académicas e profesionais diversas, en función da idade e circunstancias de cadaquén:

- Probas extraordinarias e probas libres para acadar Título de Graduado na ESO.
- Probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Medio.
- Ciclo Formativo de Grao Básico
- Educación Secundaria de Adultos
- Formación Ocupacional.

A oferta educativa do noso centro atende ao seguinte marco normativo:

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.



ORDE do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da Educación Secundaria Obrigatoria e se establece o seu currículo.

OFERTA DE MATERIAS E SESIÓNS – (LOMLOE 2020)

1º DE ESO	
	Sesiós
Bioloxía e Xeoloxía	3
Educación Física	2
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
Lingua Castelá e Literatura	3+1*
Lingua Estranxeira - Inglés - Francés - Portugués	3
Lingua Galega e Literatura	3+1*
Matemáticas	4
Relixión/Proxecto competencial	1
Segunda Lingua estranxeira - Inglés - Francés - Portugués	2
Tecnoloxía e Dixitalización	3
Xeografía e Historia	3
Disposición de centro (reforzo/ampliación doutra materia)* - Lingua Castelá e Literatura (1 sesión) - Lingua Galega e Literatura (1 sesión)	
Titoría	1
Total	32



2º DE ESO	
	Sesións
Educación Física	2+1*
Física e Química	3
Lingua Castelá e Literatura	3
Lingua Estranxeira - Inglés - Francés	3
Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	4
Música	2+1*
Relixión/Proxecto competencial (cursa unha)	1
Segunda Lingua estranxeira - Inglés - Francés - Portugués	2
Tecnoloxía e Dixitalización	3
Xeografía e Historia	3
Disposición de centro (reforzo/ampliación doutra materia)* - Educación Física (1 sesión) - Música (1 sesión)	
Titoría	1
Total	32

Segundo o Artigo 6 sobre a **Exención da Segunda Lingua Estranxeira na ESO**, da **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

O alumnado dos dous primeiros cursos que presente **dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe**, en particular nas materias lingüísticas (Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas), poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira (Francés, Portugués). Neste caso, recibirá reforzo nas aprendizaxes daqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.



Esta **medida** será proposta, con carácter xeral, nun **informe elaborado pola persoa titora no curso anterior** coa colaboración do Departamento de Orientación ou, de ser o caso, na avaliación inicial.

Realizaranse reunións de coordinación cos centros adscritos no terceiro trimestre: CEIP Otero Pedraio de Laracha, CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco e CEIP de Caión.

A competencia da decisión de exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado afectado pola medida. Deixarase constancia por escrito da conformidade para a aplicación desta medida.

3º DE ESO	
	Sesións
Bioloxía e Xeoloxía	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1
Educación Física	2
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
Física e Química	2
Lingua Castelá e Literatura	3
Lingua Estranxeira - Inglés - Francés	3
Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	4
Música	2
Relixión/Proxecto competencial (curso unha)	1
Xeografía e Historia	3
Optativas autonómicas (curso unha): - Cultura Clásica - Cultura Financeira - Educación Dixital - Oratoria - Segunda Lingua estranxeira - Inglés - Francés - Portugués	3
Titoría	1
Total	32



4º DE ESO	
	Sesións
Educación Física	2
Lingua Castelá e Literatura	3
Lingua Estranxeira - Inglés - Francés	3
Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas A/Matemáticas B (curso unha)*1	4
Relixión/Proxecto competencial	1
Xeografía e Historia	3
Optativa estatais (curso 3):*2 - Bioloxía e Xeoloxía - Dixitalización - Economía e Emprendemento - Expresión Artística - Física e Química - Formación e Orientación Persoal e Profesional - Latín - Música - Segunda Lingua estranxeira - Inglés - Francés - Portugués - Tecnoloxía	3 3 3
Optativa autonómica (curso 1): - Cultura Clásica (se non foi cursada no 3º curso) - Filosofía - Intelixencia Artificial para a Sociedade - Oratoria (se non foi cursada no 3º curso) - Unha materia de opción non cursada do bloque de estatais	3
Titoría	1
Total	32

4º ESO - MATEMÁTICAS A/B (4 sesións) (Escoller unha) *1	
MATEMÁTICAS A <ul style="list-style-type: none"> • Orientadas á FORMACIÓN PROFESIONAL • Orientadas á Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais: Itinerario de HUMANIDADES • Orientadas ao Bacharelato na Modalidade de ARTES 	<input type="checkbox"/>
MATEMÁTICAS B <ul style="list-style-type: none"> • Orientadas ao Bacharelato na Modalidade de CIENCIAS E TECNOLOXÍA • Orientadas á Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais: Itinerario de CIENCIAS SOCIAIS 	<input type="checkbox"/>



4º ESO - Optativa estatais (cursan 3) *2	
ITINERARIO 1	ITINERARIO 2
Bioloxía e Xeoloxía	Dixitalización
Dixitalización	Economía e Emprendemento
Física e Química	Expresión Artística
Tecnoloxía	Formación e Orientación Persoal e Profesional
Segunda Lingua Estranxeira	Latín
Unha materia de opción non cursada de calquera itinerario	Música
	Segunda Lingua Estranxeira
	Unha materia de opción non cursada de calquera itinerario

Segundo o Artigo 8 sobre “**Validación e exención de materias na ESO**” da , ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade, **poderán solicitar a validación e/ou a exención** de materias nos termos establecidos na normativa de aplicación.

Con carácter xeral, a solicitude realizarase ante a dirección do centro durante o período de matrícula no curso académico e durante o **mes de setembro**. Coa solicitude achegarase a documentación que acredite as circunstancias que xustifiquen a posible validación e/ou exención.

As materias obxecto de validación e/ou exención consideraranse como materias superadas para os efectos da obtención do título de Educación Secundaria Obrigatoria. Estas materias non terán cualificación numérica.

A validación dunha materia poderá solicitarse con independencia de que o centro docente a imparta. Para isto solicitará a matrícula da materia obxecto de validación só a efectos administrativos.



Das validacións e/ou exencións de materias deixarase constancia no expediente académico mediante unha **dilixencia**, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo I. Estas materias consignarase nos documentos de avaliación co termo «Validada» (CV) e/ou o termo «Exenta/o» (EX).

Segundo o establecido na **ORDE do 22 de xuño de 2023** pola que se establecen medidas para a **validación ou a exención de materias da Educación Secundaria Obrigatoria** e do Bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, concrétese:

No Artigo 3	Validacións de materias entre a ESO e as ensinanzas profesionais de música ou de danza
No Artigo 4	Validacións de materias entre o Bacharelato e as ensinanzas profesionais de música ou de danza
No Artigo 5	Procedemento para as validacións das materias
No Artigo 6	Renuncia á solicitude de validación
No Artigo 7	Exención da materia de Educación Física da ESO e do Bacharelato
No Artigo 8	Procedemento para a exención da materia de Educación Física

3.2. BACHARELATO

A oferta de Bacharelato no noso centro mantense con dúas modalidades:

- Ciencias e Tecnoloxía
- Humanidades e Ciencias Sociais
 - Itinerario Humanidades
 - Itinerario Ciencias Sociais

O alumnado que acada o Título de Bacharel pode continuar estudos ou acceder ao mundo laboral.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



En concreto:

Coa realización de Probas de Acceso á Universidade teñen acceso ao Sistema Universitario de Galicia con tres Universidades ([CIXUG | Sistema Universitario Galego](#)):

- ➔ Universidade da Coruña (Campus Coruña e Ferrol)
- ➔ Universidade de Santiago de Compostela (Santiago e Lugo)
- ➔ Universidade de Vigo (Vigo e Ourense)

Teñen tamén acceso á Formación Profesional de Grao Superior, cunha ampla oferta en distintas familias profesionais (edu.xunta.es/fp).

A oferta educativa do noso centro atende ao seguinte marco normativo:

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do Bacharelato e se regula a súa oferta

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

ORDE do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas do Bacharelato e se establece o seu currículo.

Ademáis destas dúas modalidades a ofertar no noso centro educativo, pódense cursar outras dúas modalidades noutros centros da contorna:

- Modalidade Xeral: IES Alfredo Brañas en Carballo.
- Modalidade de Artes:
 - IES Adormideras na Coruña
 - IES Monelos na Coruña



1º Bacharelato (LOMLOE 2020)

CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS				
	S	Humanidades	S	Ciencias Sociais	S
Educación Física	3	Educación Física	3	Educación Física	3
Filosofía	3	Filosofía	3	Filosofía	3
Lingua Castelá e Literatura I	3	Lingua Castelá e Literatura I	3	Lingua Castelá e Literatura I	3
Lingua Estranxeira I	3	Lingua Estranxeira I	3	Lingua Estranxeira I	3
Lingua Galega e Literatura I	3	Lingua Galega e Literatura I	3	Lingua Galega e Literatura I	3
Relixión/Atención Educativa - Debuxo con autocad 2D - Obradoiro de destrezas orais en Inglés I - Obradoiro de comentarios críticos de texto	1	Relixión/Atención Educativa - Debuxo con autocad 2D - Obradoiro de destrezas orais en Inglés I - Obradoiro de comentarios críticos de texto	1	Relixión/Atención Educativa - Debuxo con autocad 2D - Obradoiro de destrezas orais en Inglés I - Obradoiro de comentarios críticos de texto	1
Matemáticas I	4	Latín I	4	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I	4
Cursar dúas materias: - Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais - Debuxo Técnico I - Física e Química - Tecnoloxía e Enxeñería I	(4+4) 8	Cursar dúas materias: - Economía - Grego I - Historia do mundo contemporáneo - Literatura Universal - Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I	(4+4) 8	Cursar dúas materias: - Economía - Grego I - Historia do mundo contemporáneo - Latín - Literatura Universal	(4+4) 8
Optativa (elixir unha) - Anatomía Aplicada - Antropoloxía - Cultura Científica - Debuxo Artístico I - Segunda Lingua Extranxeira I - Linguaxe e Práctica Musical - Literatura Galega do S.XX e a Actualidade - Tecnoloxías da Información e Comunicación I - Tecnoloxías Intelixentes - Troncal de opción non elixida	4	Optativa (elixir unha) - Anatomía Aplicada - Antropoloxía - Cultura Científica - Debuxo Artístico I - Segunda Lingua Extranxeira I - Linguaxe e Práctica Musical - Literatura Galega do S.XX e a Actualidade - Tecnoloxías da Información e Comunicación I - Tecnoloxías Intelixentes - Troncal de opción non elixida	4	Optativa (elixir unha) - Anatomía Aplicada - Antropoloxía - Cultura Científica - Debuxo Artístico I - Segunda Lingua Extranxeira I - Linguaxe e Práctica Musical - Literatura Galega do S.XX e a Actualidade - Tecnoloxías da Información e Comunicación I - Tecnoloxías Intelixentes - Troncal de opción non elixida	4
	32		32		32



2º Bacharelato (LOMLOE 2020)					
CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS				
	S	Humanidades	S	Ciencias Sociais	S
Lingua Castelá e Literatura II	3	Lingua Castelá e Literatura II	3	Lingua Castelá e Literatura II	3
Lingua Estranxeira II	3	Lingua Estranxeira II	3	Lingua Estranxeira II	3
Lingua Galega e Literatura II	3	Lingua Galega e Literatura II	3	Lingua Galega e Literatura II	3
Historia de España	3	Historia de España	3	Historia de España	3
Historia de Filosofía	3	Historia de Filosofía	3	Historia de Filosofía	3
Relixión/Atención Educativa - Actividade física saudable - Debuxo con Autocad 3D - O mundo da francofonía - O mundo da lusofonía - Obradoiro de destrezas orais en lingua estranxeira inglés II - Proxectos de investigación - Taller de expresión escrita	1	Relixión/Atención Educativa - Actividade física saudable - Debuxo con Autocad 3D - O mundo da francofonía - O mundo da lusofonía - Obradoiro de destrezas orais en lingua estranxeira inglés II - Proxectos de investigación - Taller de expresión escrita	1	Relixión/Atención Educativa - Actividade física saudable - Debuxo con Autocad 3D - O mundo da francofonía - O mundo da lusofonía - Obradoiro de destrezas orais en lingua estranxeira inglés II - Proxectos de investigación - Taller de expresión escrita	1
Matemáticas II	4	Latín II	4	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	4
Cursar dúas materias: - Bioloxía - Debuxo Técnico II - Física - Química - Tecnoloxía e Enxeñería II - Xeoloxía e Ciencias Ambientais	(4+4) 8	Cursar dúas materias: - Economía e Deseño de Modelos de Negocio - Grego II - Historia da Arte - Xeografía - Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	(4+4) 8	Cursar dúas materias: - Economía e Deseño de Modelos de Negocio - Grego II - Historia da Arte - Xeografía - Latín II	(4+4) 8
Optativa (cursar unha) - Debuxo Artístico II - Deseño - Historia da Música e da Danza - Métodos Estatísticos e Numéricos - Psicoloxía - Segunda Lingua Estranxeira II - Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia - Tecnoloxías da Información e a Comunicación II - Troncal de opción non elixida	4	Optativa (cursar unha) - Debuxo Artístico II - Deseño - Historia da Música e da Danza - Métodos Estatísticos e Numéricos - Psicoloxía - Segunda Lingua Estranxeira II - Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia - Tecnoloxías da Información e a Comunicación II - Troncal de opción non elixida	4	Optativa (cursar unha) - Debuxo Artístico II - Deseño - Historia da Música e da Danza - Métodos Estatísticos e Numéricos - Psicoloxía - Segunda Lingua Estranxeira II - Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia - Tecnoloxías da Información e a Comunicación II - Troncal de opción non elixida	4
	32		32		32



Segundo a disposición adicional primeira, “**Ensinanza de Relixión**” do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As ensinanzas de relixión incluíranse no Bacharelato de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado menor de idade poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelen reciban ou non ensinanzas de Relixión, así como o alumnado maior de idade.

Os centros docentes disporán, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais, ou o propio alumnado, no caso de ser maior de idade, non optasen por cursar ensinanzas de Relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa. Para tal finalidade, os centros docentes contarán cunha sesión lectiva de libre disposición en cada un dos cursos do Bacharelato.

A avaliación da ensinanza da relixión católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras materias do Bacharelato. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación en materia educativa subscritos polo Estado.

A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

Ca fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumna do, **as cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de Relixión non se computarán na obtención da nota media:**

- para os efectos de acceso a outros estudos, nin
- para a obtención da mención de matrícula de honra, nin
- nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo en que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.



Segundo a disposición adicional segunda sobre “**Atención educativa**” da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

En cada un dos cursos de Bacharelato, dispórase a debida atención educativa en horario **coincidente coas ensinanzas de Relixión** ao alumnado que non curse as ditas ensinanzas.

Esta atención educativa en ningún caso poderá concretarse en forma de materia nin levará asociada unha cualificación.

Segundo o establecido na **ORDE do 22 de xuño de 2023** pola que se establecen medidas para a **validación ou a exención de materias da Educación Secundaria Obrigatoria** e do **Bacharelato** e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, concrétese:

No Artigo 3	Validacións de materias entre a ESO e as ensinanzas profesionais de música ou de danza
No Artigo 4	Validacións de materias entre o Bacharelato e as ensinanzas profesionais de música ou de danza
No Artigo 5	Procedemento para as validacións das materias
No Artigo 6	Renuncia á solicitude de validación
No Artigo 7	Exención da materia de Educación Física da ESO e do Bacharelato
No Artigo 8	Procedemento para a exención da materia de Educación Física



4. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

4.1. ALUMNADO

O noso centro educativo foi aumentando a ratio do alumnado dende a súa creación. Neste momento estamos a superar os 500 alumnos/as. Gran parte do alumando, dada a dispersión xeográfica da poboación, é usuaria do transporte escolar.

O alumnado foi en aumento, sobre todo na etapa da ESO, sendo algo máis estable na etapa de Bacharelato, tal como se indica nas táboas de datos dos últimos dez cursos e no momento de elaborar este documento no curso 2021-2022.

Segundo a recollida de datos dos Documentos de Organización de Centro (DOC) dende o curso 2012-2013 ata o 2021-2022 (10 cursos escolares) reflectimos a evolución das ratios:

Educación Secundaria Obligatoria					
CURSO ESCOLAR	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	TOTAL
2021-2022	119	98	91	106	414
2020-2021	102	92	109	85	388
2019-2020	92	110	83	74	359
2018-2019	104	86	82	63	335
2017-2018	85	79	76	69	309
2016-2017	76	75	67+9	55	282
2015-2016	76	79	69	73+10	307
2014-2015	75	81	76+7	52+13	304
2013-2014	82	95	55+11	50+10	303
2012-2013	92	81	51+11	49+9	293

Bacharelato					
CURSO ESCOLAR	1º Bacharelato Ciencias	1º Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais	2º Bacharelato Ciencias	2º Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais	TOTAL
2021-2022	27	22	33	19	101
2020-2021	30	16	26	22	94
2019-2020	25	24	25	17	91
2018-2019	22	30	35	13	100
2017-2018	39	15	43	15	112
2016-2017	52	22	21	15	110
2015-2016	23	18	22	18	81
2014-2015	23	17	23	25	88
2013-2014	26	22	20	22	90
2012-2013	19	21	31	12	83



TOTALS NA ESO E NO Bacharelato – TOTALS CENTRO			
CURSO ESCOLAR	ESO	Bacharelato	TOTALS
2021-2022	414	101	515
2020-2021	388	94	482
2019-2020	359	91	450
2018-2019	335	100	435
2017-2018	309	112	421
2016-2017	282	110	392
2015-2016	307	81	388
2014-2015	304	88	392
2013-2014	303	90	393
2012-2013	293	83	376

A lingua que fala a maioría do alumnado é o galego, contando co aumento de alumnado procedente doutras Comunidades e outros países, que precisan un período de adaptación ás linguas cooficiais (galego e castelán).

O alumnado vén de tres centros adscritos da zona:

- O CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha (con máis alumnado)
- O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco.
- O CEIP de Caión.

Ademais destes centros cada vez vén máis alumnado de zonas limítrofes, por proximidade ou outras circunstancias: Carballo e Arteixo.

Respecto a alumnado procedente doutras Comunidades, de xeito puntual poden proceder de Canarias, Valencia... E respecto a outros países contamos con alumnado de Marrocos, Colombia, Venezuela e China, podendo darse variacións.

Un importante número de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo precisa axudas para o seu proceso de ensino e aprendizaxe, contando con medidas específicas de reforzo educativo e de adaptación curricular, entre outras.

O alumnado precisa mellorar hábitos de lectura, contando con recursos no centro educativo e na contorna (Biblioteca Escolar e Municipal). Hai unha porcentaxe moi importante que precisa reforzar e mellorar os hábitos de estudo. Nesta xeración tecnolóxica



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



predomina o uso das tecnoloxía da información e comunicación a nivel usuario condicionando o lecer e tempo libre do alumnado.

O alumnado procede de familias cun nivel cultural medio-baixo. Unha porcentaxe alta dos pais e nais dos nosos alumnos/as posúe uns estudos inferiores ou iguais á Educación Xeral Básica ou á Educación Secundaria Obrigatoria.

A relación do alumnado co profesorado considérase en xeral boa, sendo un número reducido de alumnos/as os que teñen problemas de convivencia e teñen dificultades para cumprir coas normas do centro. Un grupo moi reducido de alumnos non respecta as instalacións, o mobiliario e o material do centro.

Presentan necesidades de mellorar hábitos asociativos e participativos. Non existe ningunha asociación de alumnos e inténtase que funcione a Xunta de Delegados. Precisan mellorar a capacidade para propoñer problemas, discutilos con responsabilidade e tolerancia e chegar a acordos que deban ser respectados democraticamente.

4.2. PERSOAL DOCENTE

A partir do curso 1999-2000 o profesorado do centro estabilízase ao pasar o claustro de profesorado a estar formado por persoas que teñen destino definitivo no centro. Unha parte importante do profesorado que ten carácter definitivo vive na Laracha ou na súa contorna. O resto do profesorado reside fóra da Laracha, sendo a maioría da zona da Coruña capital.

O corpo de profesorado está organizado por distintos Departamento Didácticos e o Departamento de Orientación. No curso 2021-2022 contamos cunha especialista de Lingua Castelá e Literatura, e dous especialistas en Pedagogía Terapéutica, que pertencen ao Corpo de Mestres. O resto dos especialistas pertencen ao corpo de Profesores de Ensino Secundario. Os distintos Departamentos Didácticos variaron na súa ratio segundo foi evolucionando a oferta educativa e a ratio do alumnado.



Os Departamentos Didácticos cos que contamos neste momento son:

- Bioloxía e Xeoloxía
- Economía
- Educación Física
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual
- Filosofía
- Física e Química
- Lingua Galega e Literatura (inclúe a especialidade de Portugués)
- Lingua Castelá e Literatura
- Linguas Estranxeiras (Inglés, Francés)
- Latín
- Matemáticas
- Música
- Xeografía e Historia
- Orientación Educativa
- Relixión
- Tecnoloxía

O profesorado implícase en inculcar ao alumnado hábitos, actitudes e comportamentos acordes coas normas de convivencia do centro e dunha sociedade democrática.

4.3. PERSOAL NON DOCENTE

O centro educativo conta actualmente co seguinte persoal non docente:

- Persoal de Administración, cunha auxiliar administrativa
- Persoal de conserxaría con dous conserxes.
- Persoal de limpeza con tres persoas (no período da pandemia sanitaria polo Covid19 contuse con reforzo do persoal de limpeza)
- Persoal da cafetería (durante o período do 2019 ao 2022 non contamos con este servizo pola pandemia sanitaria)



- Unha persoa Auxiliar de Conversa que se vai renovando cada curso escolar para reforzar a aprendizaxe da lingua estraxeira-inglés e nas seccións bilingües.

4.4. AS FAMILIAS E A ANPA

É indispensable a colaboración dos pais e nais ou titores e titoras legais co centro educativo para compartir a tarefa educativa, polo que os centros deben promover a implicación das familias en todas as decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado, especialmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. As estratexias utilizadas para esta comunicación son:

- a) A titoría, a través da que os titores/as manteñen informadas ás familias da evolución académica e actitudinal dos seus titorandos, e solicitan a súa colaboración e participación en todo o proceso educativo dos seus fillos.
- b) A reunión grupal para todos os pais e nais despois das Xuntas de Avaliación Inicial (mes de outubro).
- c) Xornada de Portas Abertas para familias do novo alumnado en xuño (dos centros adscritos).

A responsable do Departamento de Orientación tamén participa nas reunións individualizadas coas familias no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e no caso de dificultades no ámbito da convivencia e/ou rendemento académico, sempre que sexa necesario e/ou o titor o solicite.

É igualmente importante a colaboración coas entidades locais, especialmente con Servizos Sociais, xa que o seu labor pode axudar e apoiar os obxectivos educativos do centro a través da súa participación nas dinámicas familiares e dos seus contactos con outros axentes sociais coma os profesionais da saúde, etc.

O centro ten de referencia unha ANPA, “Manuel Murguía”, que forma parte da Federación Provincial de ANPAS da Costa da Morte, na Coruña, contando con representación no Consello Escolar do noso centro.



4.5. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DE GOBERNO E COORDINACIÓN DOCENTES

A LOMLOE, no Título V, sobre a participación, autonomía e goberno dos centros, no capítulo III, fai referencia aos órganos colexiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos, na seccións primeira segunda e terceira:

- Consello Escolar
- Claustro de profesorado
- Outros órganos de coordinación docente

O capítulo IV da LOMLOE establece no artigo 131 ten que ver co relativo á dirección dos centros públicos, facendo referencia ao equipo directivo.

4.5.1. Equipo directivo

O equipo directivo ten a responsabilidade institucional da xestión:

- do centro como organización,
- a xestión administrativa,
- a xestión de recursos.

Ademais do liderazgo e dinamización pedagóxica, dende un enfoque colaborativo, buscando o equilibrio entre tarefas administrativas e pedagóxicas.

O equipo directivo do noso centro está integrado por:

- O Director/a
- O Xefe/a de Estudos
- O Secretario/a
- Cargo que determina a Administración Educativa: O Vicedirector/a

O equipo directivo traballa de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do director/a e as funcións específicas legalmente establecidas.

O/a director/a, previa comunicación ao Claustro e ao Consello Escolar, formulará porposta de nomeamento e cese á Administración educativa dos cargos de Xefe/a de Estudos e Secretario/a de entre o profesorado con destino no centro.

Todos os membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ao termo do seu mandato ou cando se produza o cese do Director/a.



A Administración educativa favorecerá o exercicio da función directiva no centro, coa adopción de medidas que permitan mellorar a súa actuación en relación co persoal e os recursos materiais, e mediante a organización de programas e cursos de formación.

O artigos 132 a 139 da Lei aclara o relativo ás competencias, procedementos de selección, nomeamentos, cese e recoñecemento do director/a .

4.5.2. Órganos colexiados

O noso centro terá os seguintes órganos colexiados:

- Consello Escolar
- Claustro de Profesorado.

O **Consello Escolar** está regulado polo capítulo III, sección primeira da LOMLOE que establece no artigo 126 a composición do mesmo. No noso centro está formado por:

Diretor/a do centro	Presidente/a
Xefe/a de Estudos	
Secretario/a	Secretario do CE, con voz e sen voto
Representante do Concello da Laracha	1 Concelleira de Ensino, Cultura, Deportes, Mocidade, Festas e Turismo
Representantes do profesorado	7 profesores/as, dos cales: <ul style="list-style-type: none"> • 1 Forma parte da Comisión de Convivencia • 1 Forma parte da Comisión Económica • 1 Impulsará medidas educativas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.
Representantes do alumnado	4 alumnos/as, dos cales: <ul style="list-style-type: none"> • 1 Forma parte da Comisión de Convivencia • 1 Forma parte da Comisión Económica
Representantess das familias	3 pais/nais, dos cales: <ul style="list-style-type: none"> • 1 representante designado pola ANPA "Manuel Murguía" • 1 Forma parte da Comisión de Convivencia • 1 Forma parte da Comisión Económica

O artigo127 fai referencia ás competencias do Consello Escolar.

O **Claustro de profesores/as** está regulado polo capítulo III, sección primeira da LOMLOE. O Claustro de profesores/as é o órgano de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e decidir, no seu caso, sobre todos os aspectos educativos do centro.

O artigo 129 establece as súas competencias.



4.5.3. Órganos de coordinación docente

Os órganos de coordinación docentes están regulados polo capítulo III, sección terceira da LOMLOE que se establece no artigo 130, indicando:

A Administración educativa regula o funcionamento dos órganos de coordinación docente e de Orientación, e potencia aos equipos de profesores/as que imparten clase no mesmo curso, así como a colaboración e o traballo en equipo de profesorado que imparta clase nun mesmo grupo de alumnos/as.

No noso centro existirán, entre os órganos de coordinación docente, os **Departamentos Didácticos** que se encargarán da organización e desenvolvemento das ensinanzas propias das materias ou módulos que se lles encomenden; e a **Comisión de Coordinación Pedagóxica**, regulada pola Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. E a Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996).

4.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

4.6.1. Servizo de comedor

O servizo de comedor no centro ubícase nas dependencias da cafetería. Implantouse segundo as normas da Consellería de Educación o día que se conta con actividade lectiva de mañá e de tarde para o alumnado da ESO (os luns), que por residir lonxe do centro non ten tempo suficiente para desprazarse á súa vivenda.

O marco normativo de referencia para comedores é o *Decreto 132/2013 do 1 de agosto, DOG nº 154 do 13/08/2013, polo que se regulan os comedores escolares dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.*

No curso escolar 2021-2022 estanse a ofertar 27 prazas, cubríndose case na súa totalidade. Esta oferta pode ir variando cada curso escolar. O servizo de comedor está baixo o contrato dunha empresa de catering “eurest” responsable dun menú equilibrado e san.

No curso escolar 2023-2024 preséntase un cambio de empresa de catering “jardanay” que presenta outro tipo de menú e que se organiza por trimestres.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



4.6.2. Servizo de transporte escolar

O servizo de transporte escolar foi sufrindo variacións durante os últimos cursos escolares, tanto na distribución da paradas como na contratación das empresas e a dependencia coa Consellería de Educación.

O centro educativo dispón de servizo de transporte escolar organizado en dez rutas que achegan ao instituto alumnado por dereito da ESO, e mediante o emprego da tarxeta xove para o resto do alumnado.

4.7. ESTADO DAS RELACIÓNS E ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO NOSO CENTRO

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades.

Neste caso a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.



5. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

Como principios xerais nos que se basean os sinais de identidade do noso centro e a nosa proposta pedagóxica destacamos:

EQUIDADE	Valorando a singularidade de cada persoa, pretendemos asegurar a igualdade de oportunidades e o apoio específico necesario.
INCLUSIÓN E RESPECTO AO ALUMNADO	Tratarase a todos os alumnos e alumnas como persoas libres, sexa cal sexa a súa condición, axudando a desenvolver ao máximo as súas capacidades e autonomía persoal
CONVIVENCIA	Guiaranse todas as actuacións dende o respecto aos dereitos humanos e o principio de convivencia democrática.
LIBERDADE, RESPONSABILIDADE, XUSTIZA E EXERCICIO DUNHA CIDADANÍA CRÍTICA	Procuramos un centro que poña en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, responsabilidade, solidariedade, igualdade e xustiza, e que prepare ao alumnado para o exercicio dunha cidadanía crítica e responsable, integrado e comprometido coa súa contorna cultural e social.
PLURALIDADE E PARTICIPACIÓN	Queremos un centro plural, que acolla a todas as persoas e fomente a colaboración entre as familias, alumnado, profesorado e demais traballadores, e se implique ca contorna e conxunto da sociedade.
COEDUCACIÓN	Impulsaranse as relacións igualitarias, educando no rexeitamento a toda forma de discriminación e violencia de xénero.
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PLURILINGÜISMO	Promovemos a normalización do uso da lingua galega e apostamos pola aprendizaxe doutras linguas.
INTERCULTURALIDADE	Entenderase a interculturalidade como estratexia para coñecer, respectar e aprender a vivir con outras culturas.
COMPETENCIA PROFESIONAL DOCENTE	Apostamos pola mellora continua e a formación do profesorado, que garantan o desenvolvemento de competencias básicas por parte de todo o alumnado.
ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	Contamos cun Departamento de Orientación que apoia ao alumnado no seu plan de desenvolvemento persoal ao longo de todas as etapas educativas, de cara á súa inserción laboral.



6. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

6.1. OBXECTIVOS XERAIS DO NOSO PROXECTO EDUCATIVO

En base á análise da realidade educativa do noso centro concréntanse os obxectivos xerais do proxecto educativo:

1. Proporcionar unha educación inclusiva de calidade, acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado.
2. Mellorar as instalacións e recursos de centro, garantindo o cumprimento das normas básicas de seguridade.
3. Manter actualizada e difundir a documentación do centro, promovendo a participación dos órganos colexiados.
4. Fomentar unha educación e formación para a igualdade, atendendo a Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes.
5. Integrar a competencia dixital e impulsar o uso das TIC na comunidade educativa.
6. Integrar a competencia lectora e fomentar o uso da Biblioteca na comunidade educativa.
7. Potenciar a orientación persoal, académica e profesional.
8. Promover a formación permanente do profesorado e a participación en proxectos de innovación educativa.
9. Favorecer o plurilingüismo e a participación en programas internacionais.
10. Dar difusión á oferta educativa e as actividades do centro.
11. Dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado.

Os obxectivos xerais tómanse como guía cada curso académico para a redacción da Programación Xeral Anual, na que se concretarán os obxectivos xerais anuais, definindo as liñas de actuación asociadas a cada un dos obxectivos xerais.



6.2. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

En cada unha das liñas de actuación asociadas a cada obxectivo na Programación Xeral Anual identificarase aos responsables da súa consecución, as actuacións e medidas a desenvolver, os recursos dispoñibles, a temporalización en cada caso e os indicadores que permitan avaliar os resultados.

6.3. OBXECTIVOS DA ETAPA DE ESO

Segundo o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, no artigo 7 establécense os **Obxectivos da etapa da ESO**.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus **deberes**, coñecer e exercer os seus **dereitos** no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar **hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo** como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e **respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos** e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas **capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver **destrezas básicas na utilización das fontes de información** para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias



tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o **coñecemento científico** como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o **espírito emprendedor e a confianza en si mesmos**, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na **lingua galega e na lingua castelá**, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis **linguas estranxeiras** de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da **cultura** e da **historia** propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a **educación física** e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a **creación artística** e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do **patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia**, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da **lingua galega** como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a



comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

6.4. OBXECTIVOS DA ETAPA DE BACHARELATO

Segundo o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, no artigo 7 establece os **obxectivos da etapa de Bacharelato**.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da **Constitución** española e do **Estatuto** de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha **madureza** persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a **igualdade** efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os **hábitos** de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa **expresión** oral como na escrita, a **lingua galega e a lingua castelá**.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis **linguas estranxeiras**.



- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as **tecnoloxías da información e da comunicación**.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do **mundo contemporáneo**, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos **coñecementos científicos e tecnolóxicos** fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o **espírito emprendedor** con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a **sensibilidade artística e literaria**, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a **educación física e o deporte** para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

6.5. COMPETENCIAS CLAVE NAS ETAPAS DA ESO E BACHARELATO

As competencias clave tanto da etapa da ESO como de Bacharelatos son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).



- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As competencias clave, así como os descritores operativos do grao de adquisición destas deben estar previstas ao finalizar as dúas etapas están concretadas nas Ordes do 6 de maio de 2023.

O currículo das distintas materias teñen por obxecto garantir o desenvolvemento das competencias clave previstas nas ordes e terá como referente os descritores operativos que se detallan nelas.



7. CONCRECIÓN CURRICULAR. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

7.1. CONCRECIÓN CURRICULAR

A concreción curricular establece os criterios e as decisións que permiten orientar o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria para garantir a coherencia na actuación docente.

CONCRECIÓN CURRICULAR		
	DECRETO 156/2022, artigo 15	Orde 26 de maio de 2023, artigo 12
1	A concreción curricular é o marco que establece o clausro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica , para garantir a coherencia na actuación docente.	A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica.
2	A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo: a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro. b) A contribución á adquisición das competencias clave . c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais. d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía . e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos. f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso. g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias. h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores. i) Os criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso. j) Os criterios xerais para a avaliación , a promoción e a titulación . k) Os criterios xerais do outorgamento de matriculas de honra , de ser o caso. l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas . m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas. n) O procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.	O clausro de profesorado garantirá, mediante a concreción curricular, a coherencia na actuación docente.
3	A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das TIC na elaboración e na modificación da concreción curricular.	A concreción curricular, que será única para cada centro, incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 15 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.



4		Utilizarase a aplicación informática de programacións (PROENS) que pon á disposición a Consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte da Inspección educativa.
5		Os centros docentes farán pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.
	DECRETO 157/2022, artigo 16	Orde 26 de maio de 2023, artigo 15
1	A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.	A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica. O claustro de profesorado garantirá mediante a concreción curricular a coherencia na actuación docente.
2	A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo: a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro. b) A contribución á adquisición das competencias clave. c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais. d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía. e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos. f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade. g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias. h) Os criterios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior. i) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación. j) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra. k) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas. l) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas. m) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.	
3	A Consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e na modificación da concreción curricular.	A concreción curricular, que será única para cada centro, incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 16 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
4		Utilizarase a aplicación informática de programacións (PROENS) que pon á disposición a Consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará a súa supervisión por parte da Inspección educativa.



5		Farase pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.
---	--	--

Ven anexo aprobado na web do centro:

https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/u64/Concreción%20Curricular_proens_curso%202023-2024.pdf

7.2. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

As programacións didácticas serán elaboradas para cada unha das materias seguindo as decisións e criterios xerais establecidos na concreción curricular, tendo en conta os regulamentos orgánicos e a normativa vixente, e sendo realizadas na aplicación informática PROENS.

PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS		
	DECRETO 156/2022, artigo 16	Orde 26 de maio de 2023, artigo 13
1	Desenvolverase o currículo das ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.	A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.
2	As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos: a) Introdución. b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave. c) Relación de unidades didácticas , entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización. d) Metodoloxía. – Concrecións metodolóxicas. – Materiais e recursos didácticos. e) Avaliación. – Procedemento para a avaliación inicial. – Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación. – Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. f) Medidas de atención á diversidade. g) Transversal. – Concreción dos elementos transversais. – Actividades complementarias. h) Práctica docente.	A programación didáctica de cada materia ou ámbito elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

	DECRETO 156/2022, artigo 16	Orde 26 de maio de 2023, artigo 13
	<ul style="list-style-type: none"> – Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. – Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación. 	
3	O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.	O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, terá en conta para o deseño e a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> a) O disposto no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, e na normativa que o desenvolve. b) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva. d) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro. e) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.
4	A Consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas	A programación didáctica incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 16 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.
5		O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora. Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.
6		Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións (PROENS) que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das xefaturas de departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.
7		Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico, conforme o procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica o alumnado e, de ser o caso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais. Así mesmo, informarase dos criterios de promoción e/ou titulación, regulados nos artigos 28 e 29,



PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS		
	DECRETO 156/2022, artigo 16	Orde 26 de maio de 2023, artigo 13
		respectivamente, establecidos na concreción curricular do centro.
	DECRETO 157/2022, artigo 17	Orde 26 de maio de 2023, artigo 16
1	Desenvolverase o currículo das ensinanzas de Bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias seguindo as decisións e criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.	A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.
2	As programacións didácticas das materias das ensinanzas de Bacharelato incluírán, como mínimo, os seguintes elementos: a) Introdución. b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave. c) Relación de unidades didácticas , entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización. d) Metodoloxía. – Concrecións metodolóxicas. – Materiais e recursos didácticos. e) Avaliación. – Procedemento para a avaliación inicial. – Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a supe ración da materia, e criterios de recuperación. – Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. – Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias. f) Medidas de atención á diversidade. g) Transversal. – Concreción dos elementos transversais. – Actividades complementarias. h) Práctica docente. – Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. – Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.	A programación didáctica de cada materia elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel.
3	O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.	O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, terá en conta para o deseño ou a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos: a) O disposto no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e na normativa que o desen volve. b) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva. d) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro. e) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.
4	A Consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no	A programación didáctica incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 17 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS		
	DECRETO 156/2022, artigo 16	Orde 26 de maio de 2023, artigo 13
	seguimento das programacións didácticas	
5		<p>O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora.</p> <p>Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual do que se deixará constancia nas correspondentes actas de reunión.</p>
6		<p>Utilizarase a aplicación informática de programacións (PROENS) que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas.</p> <p>Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das xefaturas de departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.</p>
7		<p>Faranse públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.</p> <p>Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura de departamento, e conforme o procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica ao alumnado e, de ser o caso, as nais, aos pais ou ás persoas titoras legais.</p> <p>Así mesmo, informarase dos criterios de promoción e/ou de titulación regulados nos artigos 30 e 31, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro.</p>



8. AVALIACIÓN. CRITERIOS, PROCEDIMENTOS E CONCRECIÓNS NA ESO E NO BACHARELATO

Marco normativo de referencia

- **Lei orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **Decreto 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **Decreto 157/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Ámbito de aplicación

Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

8.1. AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO. MATRÍCULA DE HONRA

8.1.1. Avaliación na ESO

Segundo o establecido na Sección 1ª do Capítulo IV, (artigos 21 a 27) da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.



CAPÍTULO IV	
SECCIÓN 1ª. AVALIACIÓN	
Artigo 21 Carácter da avaliación	<p>1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.</p> <p>2. A avaliación na ESO será continua, formativa e integradora:</p> <p style="margin-left: 20px;">a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.</p> <p style="margin-left: 20px;">b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.</p> <p style="margin-left: 20px;">c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.</p> <p>3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.</p> <p>Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29.</p> <p>4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</p> <p>5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis axeitadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.</p>
Artigo 22 Avaliación das competencias clave	<p>1. Todas as materias ou ámbitos do currículo deben contribuír, en cada un dos cursos da etapa, ao desenvolvemento por parte do alumnado do axeitado grao de adquisición das competencias clave.</p> <p>2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos</p>



CAPÍTULO IV

SECCIÓN 1ª. AVALIACIÓN

	<p> cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, na medida en que, de conformidade co anexo II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada materia ou ámbito, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia ou ámbito, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.</p> <p>3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da materia ou ámbito para o deseño das actividades de ensino e aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares a que se refire o número anterior.</p>
Artigo 23 Sesións de avaliación	<p>1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo, co obxecto de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo.</p> <p>2. Para os efectos desta orde, o equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculado o alumnado do dito grupo. Neste sentido, terase en conta que as materias ou ámbitos pendentes forman parte da matrícula do alumnado. Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculada/o a alumna/o.</p> <p>3. Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, como mínimo tres avaliacións parciais e unha avaliación final.</p> <p>4. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan. O profesorado especialista en pedagogía terapéutica asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto. Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación e co apoio do equipo directivo.</p> <p>5. En cada sesión, a avaliación de cada materia ou ámbito é competencia do profesorado que o imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias ou ámbitos pendentes.</p> <p>6. As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción e á titulación, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna/o. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá</p>



CAPÍTULO IV	
SECCIÓN 1ª. AVALIACIÓN	
	<p>o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.</p> <p>7. A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente, e as propostas de mellora.</p>
Artigo 24 Avaliación inicial	<p>1. A avaliación inicial realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p> <p>2. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna/o, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.</p> <p>Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.</p>
Artigo 25 Avaliacións parciais	<p>1. Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo.</p> <p>Nestas sesións farase tamén o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo, de ser o caso.</p> <p>A derradeira destas sesións deberá coincidir coa <u>avaliación final ordinaria</u>.</p> <p>2. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias ou ámbitos dos cales sexa responsable.</p> <p>3. As datas para a realización destas sesións de avaliación parcial concretaranse procurando unha repartición equilibrada na duración dos períodos.</p>
Artigo 26 Avaliación final	<p>1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.</p> <p>2. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias ou ámbitos de que sexa responsable. O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.</p>



CAPÍTULO IV	
SECCIÓN 1ª. AVALIACIÓN	
Artigo 27 Cualificacións	<p>1. Os resultados da avaliación das materias expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobre saliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4. – Suficiente: 5. – Ben: 6. – Notable: 7 ou 8. – Sobresaliente: 9 ou 10.
	<p>2. No caso dos ámbitos que integren distintas materias, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poida establecer o centro para manter informados da súa evolución nas diferentes materias á alumna ou ao alumno e ás súas nais, aos seus pais ou ás súas persoas titoras legais.</p>
	<p>3. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias materias fosen cursa das integradas nun ámbito, farase constar no historial académico e no informe persoal por traslado a cualificación obtida en cada materia, que será a mesma que figure no expediente académico para o ámbito correspondente.</p>

8.1.2. Promoción na ESO

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación”, no **artigo 25** sobre “promoción” no Decreto 156/2022, , do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación” no **artigo 28** sobre “promoción” na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

PROMOCIÓN	
Artigo 25 Artigo 28 Promoción	1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna/o na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.



PROMOCIÓN

No caso dos programas de diversificación curricular (PDC), a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptarase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo:

- á consecución dos obxectivos,
- ao grao de adquisición das competencias establecidas e
- á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno,
- e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa **non sexa superior a dez**. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, **con tres materias suspensas**, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- b) Que a suma das dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa **non sexa superior**



PROMOCIÓN

a dez. Para estos efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A valoración das condicións c), d) e e) realizarase por votación do equipo docente na xunta de avaliación. Todas as condicións deberanse considerar favorables por maioría simple.

Respecto á votación seguiranse os seguintes criterios:

1) Votación de todos os membros que imparten docencia directa.

2) Cada materia, que se imparte no curso con docencia directa, equivale a un voto (as materias pendentes de cursos anteriores non se consideran de docencia directa).

3) No caso de empate, o voto sería a favor do alumno/a.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica acorda que **a partir de catro materias suspensas non se cumpren os criterios c) d) e e)** polo que non promocionará o alumnado nestas circunstancias, agás situación excepcional previa e debidamente xustificada.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un **plan de reforzo (para materias pendentes)** en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación, nas condicións reguladas no artigo 7.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.
A permanencia no mesmo curso considerarase unha **medida de carácter excepcional** e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.
En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas.
Estas condicións recolleranse nun **plan específico personalizado** con cantas medidas se consideren axeitadas para este alumnado. Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno **poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa.**

Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1



PROMOCIÓN	
	do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.
	7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais (NEE) na etapa de Educación Secundaria Obligatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis , sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un **plan de reforzo en cada unha desas materias**, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido *no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.



A **permanencia no mesmo curso** considerarase unha **medida de carácter excepcional** e tomarase logo de esgotar as **medidas ordinarias de reforzo e apoio** para superar as dificultades de aprendizaxe do/a alumno/a

En todo caso, a permanencia no mesmo curso **planificarase** de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas.

Estas condicións recolleranse nun **plan específico personalizado** con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do **plan específico personalizado** ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido *no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) *Acreditación da información á familia.*

8.1.3. Consello orientador na ESO

Ao finalizar o segundo curso (**2º da ESO**) entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumno/a un consello orientador.

Este consello incluírá un informe sobre o grao de **logro dos obxectivos** e de **adquisición das competencias** correspondentes, así como unha **proposta** a pais, nais ou titores ou



titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, **da opción que se considere máis axeitada para continuar a súa formación**, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Igualmente, **ao finalizar a etapa (4º da ESO)** ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha **proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais** que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción axeitada para o seu **futuro formativo**.

Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente estime conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa **incorporación a un Ciclo Formativo de Grao Básico ou a un Programa de Diversificación Curricular**, ou ao primeiro curso dun **programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento**, nalgún outro curso en que resulte de aplicación (**3º da ESO**), a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

Este consello orientador **elaborarao o profesorado titor**, logo da información recollida **na sesión de avaliación final** e co **asesoramento do Departamento de Orientación**:

- Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da Dirección do centro docente.
- O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

8.1.4. Título de graduado/a en ESO

Segundo o establecido no **CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación”**, no **Artigo 26**. “Título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria” no Decreto 156/2022, , do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Segundo o establecido no **CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación”** no **artigo 29** sobre “titulación” na **ORDE** do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da



Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

TITULACIÓN	
Artigo 26 Artigo 29 Titulación	<p>1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de xuño, e tendo en conta os criterios de titulación.</p> <p>1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa (4º da ESO) e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna/o, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación</p> <p>2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria . Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alum no, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas. <p>2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados . Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise todas as competencias establecidas no perfil de saída.c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. <p>Segundo o establecido no artigo 26 do Decreto 156/2022, para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán</p>



	<p>fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.</p> <p>3. O título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.</p> <p>3. O título de graduado en ESO será único e expedirase sen cualificación.</p> <p>4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na Educación Secundaria Obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursa dos e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.</p> <p>4. As alumnas/os recibirán, ao concluíren a súa escolarización na ESO, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.</p> <p>5. A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, tendo en conta asimesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.</p>
<p>Artigo 30 Probas ou actividades personalizadas extraordinarias</p>	<p>1. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do 4º curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta, así mesmo, a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, podará obtelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase.</p> <p>2. Poderá inscribirse para realizar estas probas ou actividades o alumnado a que fai referencia o número 1 deste artigo e que non estea matriculado en ningunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en ESO no curso académico en que solicite a inscrición nas ditas probas ou actividades. No caso de que estivese matriculado nalgunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, poderá solicitar a súa inscrición se causou baixa antes de prazo de matrícula das probas ou actividades personalizadas extraordinarias.</p> <p>3. A inscrición e a matrícula realizarase no mes de maio de cada curso académico.</p> <p>4. As probas ou actividades personalizadas realizaranse no centro educativo onde a alumna ou o alumno estivese matriculado por última vez no cuarto curso do ensino secundario obrigatorio, durante o mes de xuño.</p>



	<p>5. O profesorado que imparte docencia das materias ou os ámbitos en que o alumnado se inscribise para a realización destas probas ou actividades será o encargado do seu deseño e da súa avaliación.</p> <p>Para tales efectos, o profesorado informará, cando menos, dos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación para cada materia ou ámbito en que a alumna ou o alumno estea inscrito, así como dos criterios de titulación.</p>
	<p>6. Realizarase unha sesión de avaliación nas datas establecidas para a sesión de avaliación final en que participará o profesorado responsable das probas ou actividades e será coordinada pola persoa que exerza a xefatura de estudos ou a persoa en que delegue.</p>
	<p>7. A acta de avaliación axustarase no seu contido ao modelo de avaliación final de 4º curso recollido no anexo III.</p>

8.1.5. Matrícula de Honra

Segundo a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

MATRÍCULA DE HONRA	
<p>Artigo 31 Matrícula de honra</p>	<p>1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a <u>nove puntos</u> poderá recibir a mención de matrícula de honra.</p> <p>A devandita mención podrá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao <u>5 % do total de alumnado matriculado</u> no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.</p> <p>1. As alumnas/os que, logo da avaliación final do 4º curso, obtivesen unha nota media do 4º curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de Matrícula de Honra.</p> <p>A devandita mención podrá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no 4º curso.</p> <p>En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de Matrícula de Honra.</p>
	<p>2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.</p>
	<p>3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos</p>



	<p>correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.</p> <p>2. A obtención da mención de Matrícula de Honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.</p>
	<p>3. Os criterios para a concesión das mencións de Matrícula de Honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informar nas xuntas da avaliación final de 4º da ESO do total de matrículas de honra que se poden conceder. • Realizadas as xuntas de avaliación de cada grupo comprobar os casos con nota igual ou superior a 9 en 4º curso da ESO. • Relacionar os casos por puntuación de máis a menos nota segundo o criterio igual ou superior a 9. • No caso de empate comprobarase a media de 3º da ESO e así sucesivamente. • No caso de empate comprobarase a media da etapa. • De manterse o empate haberá un sorteo. • Ao finalizar as xuntas de avaliación, poderase convocar a unha reunión aos profesores/as-titores/as e ao equipo directivo para concluír as Matrículas de Honra que pode recibir o alumnado de 4º da ESO. • Levantarse acta de dita reunión e remitirse ao equipo docente de cada grupo de 4º da ESO. • Adxuntarse a acta da reunión ás actas de avaliacións final. • Consignaranse nos documentos de avaliación os resultados obtidos.

8.1.6. Outros procesos a ter en conta na avaliación

Segundo a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa hai que facer referencia a outros aspectos de interese sobre a avaliación.

OUTROS PROCESOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN	
Artigo 32 Avaliación de diagnóstico	<p>No 2º curso de ESO todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación.</p> <p>Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa.</p> <p>Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.</p>



<p>Artigo 33 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</p>	<p>1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.</p> <p>2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.b) A metodoloxía empregada.c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.d) As medidas de atención á diversidade.e) O clima de traballo na aula.f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais. <p>3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.</p>
<p>Artigo 34 Consello orientador</p>	<p>1. A titora ou o titor do curso que corresponda elaborará un consello orientador individualizado, co asesoramento do Departamento de Orientación, logo da información recollida na sesión de avaliación final.</p> <p>2. O consello orientador será asinado pola persoa titora e pola persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.</p> <p>3. O consello orientador, que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, ou á propia alumna/o no caso de que sexa maior de idade, elaborárase:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Ao finalizar o segundo curso, e incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta da opción que se considere máis axeitada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.b) Ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, e incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesio nais que se consideran máis convenientes.c) Cando o equipo docente considere conveniente propor a unha alumna ou un alumno para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación.
<p>Artigo 35 Información da avaliación</p>	<p>1. As persoas titoras informarán regularmente ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información proporcionarase, como mínimo, en cada avaliación, e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.</p> <p>2. O informe da avaliación final incluírá, ademais, o resultado de avaliación das competencias clave. Este informe poderá substituír o informe da última avaliación parcial.</p>



	3. A persoa titora e o profesorado das distintas materias ou ámbitos manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado e, de ser o caso, coas súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.
Artigo 36 Documentos e informes de avaliación	1. Os documentos e informes de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos: a) O consello orientador regulado no artigo 34 axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo II. b) As actas de avaliación reguladas no artigo 31 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustaranse no seu contido ao modelo que se establece no anexo III. c) O expediente académico regulado no artigo 32 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV. d) O historial académico regulado no artigo 33 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V. e) O informe persoal por traslado regulado no artigo 34 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI. f) A certificación oficial regulada no número 4 do artigo 29 axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VII.
	2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria cubrirán os documentos de avaliación a través da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

8.2. AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO. MATRÍCULA DE HONRA

8.2.1. Avaliación no Bacharelato

Segundo Sección 1ª do Capítulo IV da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
SECCIÓN 1ª. AVALIACIÓN	
Artigo 24 Carácter da avaliación	1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.
	2. A avaliación no Bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo



	<p>as distintas materias:</p> <p>a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de apren dizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.</p> <p>b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da apren dizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptán doo ás características persoais de cada alumna e alumno.</p> <p>c) Diferenciada segundo as distintas materias: xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos da materia.</p> <p>3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.</p> <p>4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</p> <p>5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis axeitadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.</p>
<p>Artigo 25 Sesións de avaliación</p>	<p>1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo, co obxecto de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adaptan a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo.</p> <p>2. Para os efectos desta orde, o equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculado o alumnado do dito grupo. Neste sentido, terase en conta que as materias pendentes forman parte da matrícula do alumnado. Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno, participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.</p> <p>3. Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, como mínimo tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria.</p> <p>4. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o seu equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan. Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento</p>



	<p>da xefatura do Departamento de Orientación e co apoio do equipo directivo.</p> <p>5. En cada sesión a avaliación de cada materia é competencia do profesorado que a imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias pendentes.</p> <p>6. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción, á titulación, e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.</p> <p>7. A titora ou o titor redactará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora.</p>
<p>Artigo 26 Avaliación inicial</p>	<p>1. A avaliación inicial realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p> <p>2. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.</p>
<p>Artigo 27 Avaliacións parciais</p>	<p>1. Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. Nestas sesións farase tamén o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo, de ser o caso. A derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final ordinaria.</p> <p>2. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias pendentes, deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias das que sexa responsable.</p> <p>3. As datas para a realización destas sesións parciais concretaranse procurando unha repartición equilibrado na duración dos períodos.</p>
<p>Artigo 28 Avaliación final ordinaria e extraordinaria</p>	<p>1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final ordinaria do alumnado. Asímesmo realizará unha avaliación final extraordinaria para o alumnado que logo da avaliación final ordinaria non supere algunha materia. A avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen para cada curso escolar.</p>



	2. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias pendentes , deberá consignar nas actas de avaliación final as cualificacións das materias das que sexa responsable.
Artigo 29 Cualificacións	1. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase «Non presentada/o» (NP).

8.2.2. Promoción en Bacharelato

Segundo o **Artigo 23** sobre “Promoción”, do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación” no **artigo 30** sobre “Promoción” na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

PROMOCIÓN	
Artigo 23 Artigo 30 Promoción	<p>1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción do primeiro ao segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno.</p> <p>1. Ao finalizar o 1º curso da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.</p> <p>2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de 1º a segundo de Bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo a alumna/ o debe cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.</p>
	<p>2. O alumnado que acade a promoción ao 2º curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso, nas condicións reguladas no artigo 11.</p> <p>3. O alumnado que acade a promoción ao 2º curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.</p>



PROMOCIÓN	
	<p>Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de 2º curso.</p>
	<p>3. As alumnas e os alumnos do 1º curso de Bacharelato que non cumbran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.</p> <p>4. As alumnas/os do 1º curso de Bacharelato que non cumbran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.</p>
	<p>4. O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá:</p> <p>a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e deben do cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.</p> <p>b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.</p> <p>5. A superación das materias de 2º curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricular se da materia de 2º curso sen cursar a correspondente materia de 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de 1º curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a 2º.</p> <p>6. As alumnas/os que ao termo do 2º curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán:</p> <ul style="list-style-type: none">• Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou• Repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna/o tivese superado previamente
	<p>7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o 1º curso de Bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao 2º curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias</p>



8.2.3. Título de Bacharel

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación”, no **Artigo 24**. “Título de Bacharel” no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación” no **artigo 31** sobre “titulación” na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

TITULACIÓN	
<p>Artigo 24 Artigo 31 Titulación</p>	<p>1. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato para a obtención do título de bacharel. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de Bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título. b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada. <p>1. O título de Bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>2. Para obter o título de Bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.</p> <p>3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna/o que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Que o equipo docente considere que a alumna/o acadou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título. b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna/a na materia. c) Que a alumna/o se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria



	<p>extraordinaria.</p> <p>d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.</p> <p>De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.</p> <p>Criterios a seguir:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Votación de todos os membros que imparten docencia directa.2) Cada materia equivale a un voto.3) No caso de empate, o voto será a favor do alumno/a.
	<p>2. O título de Bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade, de vía ou de materias, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.</p> <p>4. O título de Bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.</p> <p>5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en 2º curso só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.</p>
	<p>3. Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de 2º curso, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, coa fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrencia entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.</p>

8.2.4. A Matrícula de Honra

Segundo o establecido no CAPÍTULO IV de “Avaliación, promoción e titulación” no **artigo 34** sobre “Matrícula de Honra” na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa



MATRÍCULA DE HONRA	
Artigo 34 Matrícula de honra	<p>1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do 2º curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra.</p> <p>A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no 2º curso.</p> <p>En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de Bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.</p> <p>2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.</p> <p>Os criterios para a concesión das mencións de Matrícula de Honra ao alumnado serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informar nas xuntas da avaliación final ordinaria de 2º de Bacharelato do total de Matrículas de Honra que se poden conceder. • Realizadas as xuntas de avaliación de cada grupo comprobar os casos con nota igual ou superior a 9 en 2º curso de Bacharelato. • Relacionar os casos por puntuación de máis a menos nota segundo o criterio igual ou superior a 9. • No caso de empate comprobarase a media de 1º de Bacharelato. • No caso de empate comprobarase a media da etapa de Bacharelato. • No caso de empate comprobarase a media da etapa da ESO. • De manterse o empate haberá un sorteo. • Ao finalizar as xuntas de avaliación poderase convocar a unha reunión aos profesores/as-titores/as e ao equipo directivo para concluír as Matrículas de Honra que pode recibir o alumnado de 2º de Bacharelato. • Levantarse acta de dita reunión e remitirse ao equipo docente de cada grupo de 2º da Bacharelato. • Adxuntarse a acta da reunión ás actas de avaliacións final ordinaria. • Consignarase nos documentos de avaliación os resultados obtidos. <p>3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.</p>

8.2.5. Outros procesos a ter en conta na avaliación

Segundo a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa hai que ter en conta outros aspectos de interese sobre a avaliación.

OUTROS PROCESOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN	
Artigo 32	1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional



Titulación desde outras ensinanzas	poderá obter o título de bacharel na modalidade xeral mediante a superación das materias comúns.
	2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño, e o alumnado que superara as ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.
	3. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación: a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do Bacharelato. b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.
Artigo 33 Titulación polo réxime de persoas adultas	1. As alumnas e os alumnos que cursen o Bacharelato no réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes: a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno acadou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título. b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros. I c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.
	2. Asimesmo, o alumnado que curse estas ensinanzas e se atope en posesión dalgún dos títulos a que se refire o artigo 32 poderá obter o título de bacharel mediante o procedemento previsto no devandito artigo.
	3. Tamén poderán obter directamente o título de bacharel as persoas maiores de vinte anos que, a través das probas organizadas en cada curso académico pola consellería con competencias en materia de educación, demostren acadar os obxectivos e as competencias clave do Bacharelato.
Artigo 35 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala progresivamente ás características e necesidades do alumnado.
	2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos: a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico. b) A metodoloxía empregada. c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos. d) As medidas de atención á diversidade.



	<p>e) O clima de traballo na aula. f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.</p>
	<p>3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.</p>
<p>Artigo 36 Información da avaliación</p>	<p>1. As persoas titoras informarán regularmente às nais, aos pais ou ás persoas titoras legais sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, ou ao propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información proporcionarase, como mínimo, en cada avaliación e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia.</p>
	<p>2. O informe da avaliación final ordinaria poderá substituír o informe da última avaliación parcial.</p>
	<p>3. A persoa titora e o profesorado das distintas materias manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado e, de ser o caso, coas súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.</p>
<p>Artigo 37 Documentos e informes de avaliación</p>	<p>1. Os documentos de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) As actas de avaliación reguladas no artigo 29 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustaranse no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV. b) O expediente académico regulado no artigo 30 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V. c) O historial académico regulado no artigo 31 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI. d) O informe persoal por traslado regulado no artigo 32 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VII.
	<p>2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan a etapa de Bacharelato cubrirán os documentos de avaliación a través da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).</p>

8.3. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NA ESO E NO BACHARELATO

Segundo o artigo 7 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.



Segundo o artigo 11 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES		
	Decreto 156/2022 Orde do 26 de maio de 2023 ESO	Decreto 157/2022 Orde do 26 de maio de 2023 Bacharelato
Alumnado con materias pendentes	O alumnado que acade a promoción ao seguinte curso con materias sen superar deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso segundo os plans de reforzo .	O alumnado que acade a promoción a segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.
Programacións didácticas (Apartado 5.3. App PROENS)	O centro educativo establecerá na súa concreción curricular os criterios para o deseño dos plans de reforzo. Asímesmo, as programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	As programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes.
Departamento didáctico Profesorado	O departamento didáctico que corresponda elixirá o profesorado que realice o seguimento e a avaliación das materias pendentes, tendo en conta o seguinte: a) Cando se trate da mesma materia será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia á alumna/o no actual curso académico. b) No resto de materias será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna/o: - por terlle impartido docencia no curso anterior ou - por impartirlle docencia no curso actual.	O departamento didáctico programará actividades e/ou probas de avaliación para verificar ao longo das avaliacións a superación desas materias. O seguimento e a avaliación das materias pendentes será realizado polo profesorado con atribución docente na materia , elixido polo departamento didáctico Nas materias de continuidade , será elixido, preferentemente, o profesorado que lle imparta a materia no 2º curso . No resto de materias será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna/o: - por terlle impartido docencia no curso anterior ou - por impartirlle docencia no curso actual.



RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES		
	Decreto 156/2022 Orde do 26 de maio de 2023 ESO	Decreto 157/2022 Orde do 26 de maio de 2023 Bacharelato
Información ao alumnado e aos proxenitores ou representantes legais	O profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico, e conforme o procedemento establecido polo centro, informará sobre os aspectos básicos dos plans de reforzo ao alumnado e, de ser o caso, ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais.	Informar ao alumnado e aos proxenitores ou representantes legais
Seguimento e avaliación	O seguimento do plan de reforzo e avaliación das materias pendentes realizarase en cada sesión de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. Para estes efectos programaranse actividades e/ou probas de avaliación ao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos.	A avaliación final das materias pendentes terá que ser anterior á das materias de 2º curso.

8.4. AVALIACIÓN OBXECTIVA E PROCEDEMENTOS DE RECLAMACIÓN NA ESO E NO BACHARELATO

8.4.1. Na etapa da ESO

Segundo a Sección 2ª do Capítulo IV da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
SECCIÓN 2ª. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
Artigo 37 Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva	1. Coa fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia: a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as



AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

SECCIÓN 2ª. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

	<p>programacións didácticas.</p> <p>b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as per soas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.</p> <p>c) O procedemento de revisión de cualificacións finais das materias e os ámbitos e da decisión de promoción ou de titulación do alumnado.</p> <p>2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.</p>
<p>Artigo 38 Solicitud de revisión no centro</p>	<p>1. O alumnado ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora e ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.</p> <p>2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno, ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.</p> <p>3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lles remitirán, preferentemente, en formato dixital.</p>
<p>Artigo 39. Procedemento de revisión de cualificacións finais</p>	<p>1. A dirección do centro trasladará ao departamento didáctico responsable da materia a solicitude de revisión da cualificación final e comunicaráo á persoa titora.</p> <p>2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitud de revisión, cada departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia ou o ámbito obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.</p> <p>3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollerse no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:</p> <p>a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación</p>



AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

SECCIÓN 2ª. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

	<p>didáctica.</p> <p>b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.</p> <p>c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.</p> <p>d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.</p> <p>4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicarase por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser o caso, á súa nai, ao seu pai ou ás persoas titoras legais como máximo no día hábil seguinte. Asímesmo, a dirección do centro informará da decisión á persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.</p> <p>5. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, de ser o caso, no expediente e no historial académico.</p> <p>6. Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción e titulación regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.</p>
<p>Artigo 40 Procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación</p>	<p>1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de promoción ou titulación.</p> <p>2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a promoción ou a titulación da alumna ou do alumno. Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou a titulación das alumnas e os alumnos regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro.</p> <p>3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación.</p> <p>4. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación da decisión de promoción ou titulación adoptada, a secretaría, co visto e prace da dirección</p>



AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

SECCIÓN 2ª. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

do centro, anotarás a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.

**Artigo 41.
Solicitude de reclamación ante a Xefatura Territorial**

1. Se, tras o procedemento de revisión no centro, persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a promoción ou a titulación, o alumnado ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais **poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a Xefatura Territorial** correspondente, **no prazo de dous días hábiles** contados a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, **non su perior a dous días hábiles**, remitirá por sede electrónica o expediente á Xefatura Territorial.

O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia ou o ámbito, o informe elaborado polo departamento didáctico, a copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións sobre o proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

O expediente de revisión da decisión de promoción ou titulación incorporará a acta da sesión extraordinaria do equipo docente, a resolución da dirección do centro, as novas alegacións da persoa reclamante, de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

**Artigo 42
Procedemento de reclamación**

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do departamento didáctico correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:

- a) A adecuación dos **criterios de avaliación e dos contidos** sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) A adecuación dos **procedementos e instrumentos de avaliación** aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) A correcta aplicación dos **criterios de cualificación** establecidos na programación didáctica para a superación da materia ou ámbito.
- d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de promoción ou titulación, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da regulación dos artigos 28 e 29, respectivamente, e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe



AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
SECCIÓN 2ª. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
	<p>favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:</p> <p>a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de promoción ou titulación.</p> <p>b) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.</p>
	<p>4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a Xefatura Territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa. Esta resolución comunicárase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignárase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da Xefatura Territorial porá fin á vía administrativa.</p>
	<p>5. Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión de promoción ou titulación para a alumna ou o alumno, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia a dita resolución. Cando, á vista da resolución adoptada pola Xefatura Territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria.</p>
	<p>6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.</p>

8.4.2. Na etapa de Bacharelato

Segundo a Sección 2ª do Capítulo IV da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

CAPÍTULO IV	
AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
SECCIÓN 2ª. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	
<p>Artigo 38</p> <p>Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva</p>	<p>1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:</p> <p>a) Os procedementos para facen públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.</p> <p>b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as per soas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e</p>



	<p>valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.</p> <p>Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.</p> <p>c) O procedemento de revisión de cualificacións finais das materias e da decisión de titulación do alumnado.</p>
	<p>2. A dirección responsabilizarase de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.</p>
<p>Artigo 39 Solicitud de revisión no centro</p>	<p>1. A alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final ordinaria ou extraordinaria, poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora ou ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.</p>
	<p>2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.</p>
	<p>3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.</p>
<p>Artigo 40 Procedemento de revisión de cualificacións finais</p>	<p>1. A dirección do centro trasladará ao departamento didáctico responsable da materia a solicitude de revisión da cualificación final, e comunicará á persoa titora.</p>
	<p>2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitud de revisión, cada departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motiva do elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.</p>
	<p>3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollerse no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da



	<p>cualificación final obxecto de revisión.</p> <p>4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicarse por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser o caso, á súa nai, ao seu pai ou ás persoas titoras legais, como máximo, no día hábil seguinte. Así mesmo, a dirección do centro informará da decisión a persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.</p> <p>5. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, de ser o caso, no expediente e no historial académico.</p> <p>6. Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción e titulación regulados nos artigos 30 e 31, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.</p>
<p>Artigo 41 Procedemento de revisión da decisión de titulación</p>	<p>1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de titulación.</p> <p>2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a titulación da alumna ou do alumno. Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a titulación das alumnas e os alumnos establecidos con carácter xeral na concreción curricular.</p> <p>3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de titulación. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de titulación.</p> <p>4. Se tras o proceso de revisión, procede a modificación da decisión de titulación adoptada, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.</p>
<p>Artigo 42 Solicitude de reclamación ante a Xefatura Territorial</p>	<p>1. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a titulación, o alumnado ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a Xefatura Territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada.</p>



	<p>2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá por sede electrónica o expediente á Xefatura Territorial.</p> <p>O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará:</p> <ul style="list-style-type: none">• o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia,• o informe elaborado polo departamento didáctico,• a copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións sobre o proceso de avaliación da alumna ou do alumno,• a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso,• as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede,• o informe da dirección sobre estas. <p>O expediente de revisión da decisión de titulación incorporará:</p> <ul style="list-style-type: none">• a acta da sesión extraordinaria do equipo docente,• a resolución da dirección do centro,• as novas alegacións da persoa reclamante de telas presentado e, se procede,• o informe da dirección sobre estas.
<p>Artigo 43 Procedemento de reclamación</p>	<p>1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do departamento didáctico correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none">a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou o alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde. <p>2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.</p> <p>3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de titulación, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da regulación do artigo 31 e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none">a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de titulación.b) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde. <p>4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a Xefatura Territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa. Esta resolución comunicárase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignárase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da Xefatura Territorial porá fin á vía administrativa.</p>



	<p>5. Se tras o proceso de reclamación procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión titulación para a alumna ou o alumno, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, expedirá a correspondente diligencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia a dita resolución.</p> <p>Cando, á vista da resolución adoptada pola Xefatura Territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria.</p>
	<p>6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.</p>
	<p>7. Tendo en conta que o 2º curso de Bacharelato é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que a alumna ou o alumno coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a Consellería con competencias en materia de educación ditará as instrucións específicas para cada curso académico, en que se establecerán o procedemento e os prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións.</p>



9. PLANS E PROXECTOS ESPECÍFICOS DE CENTRO

9.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é un documento, elaborado polo Departamento de Orientación, que define e recolle as estratexias para a atención á diversidade no centro educativo, entendida tal como ven definida nas súas principais referencias normativas para a nosa comunidade autónoma: O Decreto 229/2011, e a Orde de 8 de Setembro de 2021 que o desenvolve actualizando e unificando os referentes normativos previos.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade, en adiante PXAD, presenta as medidas de atención á diversidade que se aplican de xeito particular no noso centro como resposta ás características da nosa contorna e do noso alumnado, e presta atención especial á definición das medidas extraordinarias. Establece unhas liñas xerais, máis alá das que xa nos marca a normativa vixente, para a implantación e desenvolvemento de ditas medidas, como poden ser os criterios de derivación e avaliación do alumnado, criterios para a asignación de recursos, e protocolos para o desenvolvemento e seguimento das medidas aplicadas.

Teñen tamén unha importancia relevante na atención á diversidade a comunicación e coordinación entre os distintos profesionais, tanto as persoas que conforman o Departamento de Orientación, ás que o plan fai unha referencia particular, como do resto dos e das profesionais do centro, particularmente persoas titoras de grupo e resto de docentes. No plan recóllense as distintas funcións e responsabilidades na atención á diversidade, a temporalización xeral das intervencións e as liñas xerais de comunicación e coordinación (reunións, informes, respecto á confidencialidade, entre outros).

Dende a **páxina web do noso centro** podemos acceder:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/u64/PXAD%20IES%20Agra%20de%20Leborís%20aprobado%20con%20data%2026%20de%20xaneiro%20de%202023.pdf>



9.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial é o documento que recolle as liñas xerais, obxectivos contextualizados e accións e programas cos que o noso centro desenvolve a Titoría.

Enténdese por Titoría a acción programada encamiñada a favorecer o máximo desenvolvemento persoal do noso alumnado, e a facilitar a súa integración e participación plena na vida do centro, colaborando no proceso coas familias.

No noso sistema educativo a acción titorial é inherente á función docente. Isto é, que todo o profesorado ten responsabilidade e participa nela, aínda que ten un protagonismo especial o profesorado titor de grupo, que coordina a acción titorial do equipo docente e a relación coas familias. É por tanto relevante dentro da acción titorial establecer criterios e prioridades para o nomeamento das persoas titoras dos distintos grupos.

No plan de acción titorial, elaborado polo Departamento de Orientación segundo as directrices da CCP, e recollendo aportacións da comunidade educativa, analízanse as necesidades derivadas das características do noso alumnado, familias e contorna, defínense os obxectivos e márcanse as liñas xerais de actuación, que virán despois concretadas para cada curso escolar dentro da programación anual do centro.

No documento inclúense algúns recursos e directrices para o traballo titorial e a relación coas familias, así como relacionados cos principais programas de acción titorial, como pode ser o Plan de Acolida no centro.

Dende a **páxina web do noso centro** podemos acceder:

https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/u64/PAT%20IES%20Agra%20de%20Leborís%20aprobado%20con%20data%2026%20de%20xaneiro%20de%202023_0.pdf

9.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

O plan de Orientación Académico e Profesional (POAP) ten como obxectivo global favorecer a idea da formación permanente ao longo da vida e facilitar ao noso alumnado a transición polas distintas etapas educativas e na incorporación ao mercado laboral. Debe ser un instrumento para axudar ao alumnado e as súas familias a tomar decisións e conformar itinerarios educativos e profesionais conformes ás capacidades, expectativas e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



intereses do alumnado e ás realidades da súa contorna, para que poidan construír o seu proxecto profesional e persoal.

Trabállase desde a orientación e a tutoría, implicando en maior ou menor medida ao conxunto dos docentes do centro, e en estreita relación con organizacións externas do ámbito da educación (escolas técnicas, centros de formación profesional, universidades, entre outros) e do mundo do traballo, con especial relevancia das empresas e institucións que conforman o tecido produtivo máis inmediato.

No noso POAP identifícanse as necesidades do noso alumnado e das súas familias tendo en conta as particularidades das etapas que se imparten no noso centro (fundamentalmente coñecemento e orientación en canto a itinerarios académicos polas etapas e de continuidade dos estudos), e propóñense unha serie de programas e actuacións para darlles resposta. Abórdanse cuestións como os procesos de toma de decisións, o autocoñecemento, o coñecemento do sistema educativo e das características da nosa contorna produtiva, e os distintos recursos cos que se pode contar para continuar estudando. Identifícanse as entidades coas que se colabora de xeito máis habitual (aínda que non en exclusiva) e as liñas xerais de traballo do plan, que virán despois concretadas para cada curso académico dentro da programación anual do centro tanto do plan de orientación como do PAT, ao que este plan está moi ligado.

O POAP está recollido neste documento na páxina web do noso centro.

Dende a **páxina web do noso centro** podemos acceder:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/u64/POAP%20IES%20Agra%20de%20Leborís%20aprobado%20con%20data%2026%20de%20xaneiro%20de%202023.pdf>

9.4. PLAN DE CONVIVENCIA E COOPERACIÓN

O plan de convivencia do noso centro recolle e desenvolve os principios que establecen as leis de educación vixentes, e concreta o establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.



Segundo a Lei 4/2011 no artigo 10.1 “O **proxecto educativo** de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva as fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulamentados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha Comisión de Convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo Consello Escolar do centro”.

A Consellería de Educación proporciona aos centros docentes unha ferramenta para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia. Consta de orientacións que pretenden dar resposta ás cuestións máis frecuentes cando se enfrontan a unha situación desta índole, e uns modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a súa tramitación.

As normas de convivencia que se concretan no noso plan serán establecidas segundo a lexislación educativa vixente, destacando a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. O artigo 10 desta lei fai referencia ao Plan de Convivencia e ás normas de convivencia.

As normas de convivencia do centro concretan os dereitos e os deberes do alumnado e establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento, no marco do disposto por este título e das disposicións regulamentarias que o desenvolvan.

O noso Plan de Convivencia inclúe ademais os seguintes protocolos:

- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica e atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de protección de datos.
- Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.



- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida.
- Protocolo de actuación ante a violencia de xénero no ámbito educativo.

Dende a **páxina web do noso centro** podemos acceder ao Plan de Convivencia e Cooperación aprobado polo Consello Escolar con data 30 de xuño de 2021. Enlace: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/PLAN_DE_CONVIVENCIA_E_COOPERACIÓN_2021_def_aprobado_30_06_21.pdf

9.5. PLAN DE IGUALDADE E COEDUCACIÓN

O plan de igualdade e coeducación do noso centro quere unha total implicación da comunidade educativa na igualdade efectiva entre homes e mulleres. Os documentos de centro deben ter concretadas as necesidades do noso centro e deben establecer pautas de actuación a interrelacionar en materia de igualdade. .

No plan de igualdade e coeducación concréntanse:

- Obxectivos coeducativos a través dos plans do centro (Proxecto Educativo, Normas de Organización e Funcionamento do centro, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial)
- Obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero. Concreción dos contidos dunha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

O plan desenvólvese en canto aos seguintes temas:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.



Algunhas das medidas concretas de actuación do plan son: promoción da formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, entre outras indicadas no plan.

Enlace ao documento dende a páxina web do centro:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/PLAN%20DE%20IGUALDADE%2019%2020%20IAL%20xaneiro%20%285%29%202020_0.pdf

9.6. PLAN DIXITAL

O Plan Dixital do centro está realizado no curso 2021-2022 segundo o establecido na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Segundo indica esta resolución, na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regulámense diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa. No artigo 121 establécese que o **Proxecto Educativo** do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das **Tecnoloxías da Información e a Comunicación** (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da **competencia dixital** que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha **cultura dixital** nos centros e nas aulas.

A resolución establece no punto 2º os principios, obxectivos e referentes para a elaboración do Plan Dixital:

1. Principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeralizado das TIC en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética sobre a relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.



c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

2. Obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

3. Referentes:

- a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo **Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes** (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.
- b) O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos axeitados ás súas características específicas.

O noso Plan Dixital segue as pautas establecidas pola Consellería de Educación para o seu deseño, elaboración e implementación, contando cun asesoramento permanente.

Enlace ao documento dende a páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/Plan%20Dixital%20v1%20aprobado%20polo%20CE%2016%2006%202022.pdf>

Este documento tamén está actualizado e accesible dende a aplicación Educalidade:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/>



9.7. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O noso centro educativo leva a cabo actuacións para mellorar a formación permanente do profesorado segundo as necesidades que se vaian presentando.

As liñas de traballo que se poden seleccionar para a formación permanente do profesorado son as que seguen, podendo haber variacións cada curso escolar:

LIÑAS DE TRABALLO	Itinerarios	CURSO ESCOLAR
Plan Dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital	Grupo de Traballo: Plan Dixital do IES Agra de Leborís Seminario: Creación de recursos multimedia	2021-2022
Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial		
Programas de Plurilingüismo. Competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento integrado de linguas		
Educación inclusiva e coeducativa		
Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relacións coas familias	Grupo de Traballo: Plan de Convivencia e Cooperación aprobado o 30 de xuño de 2021	2020-2021
Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros		
Mellora da xestión dos centros	Grupo de Traballo: Proxecto Educativo do IES Agra de Leborís	2021-2022
Internacionalización dos centros educativos		
Biblioteca escolar		
Iniciativas formativas no ámbito STEM (Ciencia-Tecnoloxía-Enxeñaría-Matemáticas)		
A orientación vocacional e profesional		
Educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global		

A formación permanente do profesorado complétase con outras actuacións dende a Consellería de Educación coa elección do profesorado en [fprofe \(xunta.gal\)](http://fprofe.xunta.gal) tendo en conta os seguintes criterios:

- Competencia profesional.
- Centro de formación e recursos.
- Estado da actividades.
- Modalidade: congreso, curso, xonada, encontro.
- Ensinanza: ESO, Bacharelato.
- Corpo: Mestres, Ensino Secundario.



- Especialidade: a que corresponda.
- Trimestre: 1º a 4º.
- Forma de participación: presencial, en rede, mixta.

A formación do profesorado tamén pode vir dende outros organismos e institucións, segundo os seus intereses ou necesidades: sindicatos, universidade, outros.

9.8. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, no artigo 2 dos fins da educación establécese no apartado j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras.

No Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia. No Artigo 4º, ss principios a partir dos cales se elabora este decreto son os seguintes:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino. Neste decreto establécese o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8.

O Proxecto Lingüístico do noso centro foi elaborado para o período 2019-2023 e aprobado polo Consello Escolar do 12 de marzo de 2021. Este proxecto irá adaptándose aos novos marcos normativos da LOMLOE.

Enlace ao documento dende a páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/PROXECTO%20LING%C3%9C%C3%8DSTICO%2019%2023.pdf>



https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/u64/Proxecto%20Lingüístico%20do%20IES%20AGRA%20DE%20LEBORÍS%202023_2024%20aprobado%20polo%20CE%2030%2006%2023.pdf

9.9. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Proxecto de Dinamización da Lingua Galega ten como finalidade a promoción e o ensino da lingua galega. A Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia (<https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/saudo>).

O noso centro educativos conta cun Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) que concretará no seu proxecto específico e na programación xeral anual, os obxectivos xerais:

- Coñecer a lingua galega como parte da nosa identidade cultural
- Aprender a lingua galega e difundila fóra das nosas fronteiras.
- Promover a dinamización da lingua galega na mocidade para incrementar a súa utilización.
- Contribuír a concienciar sobre a importancia da Lingua Galega nas conmemoracións e celebracións arredor da diversidade lingüística.

Estes obxectivos iránse concretando noutros máis específicos a nivel de centro:

- Fomentar o uso da lingua galega entre a comunidade educativa.
- Promover a utilización dos recursos existentes na rede en galego.
- Acadar a plena valoración positiva do uso da lingua galega e desbotar os prexuízos existentes.
- Entender a lingua como medio de comunicación privilexiado e elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- Valorar a pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade e de riqueza persoal.



- Ampliar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore... na actividade diaria do centro.
- Colaborar activamente coas entidades da contorna no deseño e realización de actividades de dinamización da lingua galega.
- Divulgar os valores culturais, naturais e científicos da contorna na que se sitúa o noso centro; máis especificamente: a Costa da Morte e o mundo rural.
- Promover a igualdade e a convivencia no centro con prácticas educativas que axuden a eliminar condutas sexistas e estereotipos de xénero.
- Continuar coa ambientación do centro poñendo en valor a cultura propia e destacando a contribución das mulleres.
- Ambientar o centro poñendo en valor o papel das mulleres en distintos ámbitos: ciencia, cultura...
- Recoller datos obxectivos sobre o uso e valoración da lingua galega por parte da comunidade educativa e colaborar na elaboración do Proxecto Lingüístico do centro.
- Colaborar e coordinarse co equipo da biblioteca en todas as actividades.
- Fomentar a elaboración de materiais audiovisuais didácticos en galego.

A consecución destes obxectivos realizaranse con actuacións e actividades máis específicas nas programacións xerais anuais.

9.10. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA E CLUB DE LECTURA

O proxecto da Biblioteca Escolar, que conta cun equipo, busca acadar unha serie de obxectivos xerais que se irán concretando cada curso escolar na programación xeral anual:

- *Para ESO.*
 - *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.*
- *Para Bacharelato.*
 - *Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio para o desenvolvemento persoal*



- *Utilizar con solvencia e responsabilidade as Tecnoloxías da Información e da Comunicación*
- Facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, contribuíndo así a un cambio metodolóxico no centro.
- Promover a utilización da biblioteca por parte do profesorado en todas as áreas, etapas e niveis para favorecer a alfabetización múltiple.
- Impulsar os lemas que a Consellería de Cultura, Educación e OU propón ás bibliotecas escolares cada curso escolar.
- En apoio ao EDLG retomar o Certame “Dores Gestoso” a fin de promover actividades interdepartamentais.
- Ser unha biblioteca inclusiva, atendendo á diversidade funcional, vinculando alumnado con NEAE coa creación de espazos e actividades na biblioteca que fomenten a súa acollida e participación.
- Incorporar de forma paulatina ás familias e ao alumnado voluntario (a través do Programa “Bibliotecas Voluntarias”), como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación.
- Distribuír o orzamento xeral asignado á biblioteca e ás dotacións específicas.
- Realizar unha xestión centralizada de todos os seus recursos, como o novo material adquirido pola Biblioteca, solicitado polos diferentes departamentos.
- Revisar, como documento a medio prazo, o Proxecto Lector de centro cara as novas necesidades educativas.

Estes obxectivos iranse desenvolvendo con distintas actuacións e actividades cada curso escolar e coas modificacións que vaian xurdindo segundo as necesidades que se vaian presentando.

9.11. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Dentro deste proxecto educativo e funcional debemos incluír un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade de promocionar a práctica de deporte e exercicio físico e unha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou especialización axeitada, e de acordo cos recursos dispoñibles, neste caso sobre todo polo Departamento de Educación Física.

Enlace ao documento dende a páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/system/files/u64/Plan%20de%20Actividades%20Físicas%20e%20Hábitos%20Saudables%20aprobado%20polo%20CE%2030%2006%2023.pdf>



10. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

10.1. DIFUSIÓN

O noso proxecto educativo será difundido por distintas canles de comunicación.

Comunicarase aos distintos órganos colexiados e representativos da comunidade educativa.

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica que establecerá as directrices nos aspectos propiamente pedagóxicos e organizativos.
- O Claustro de Profesorado que valorará e fará propostas para que o Proxecto Educativo sexa adaptado á nosa realidade educativa.
- O Consello Escolar, que conta coa representación de todos os membros da comunidade educativa, valorará e aprobará o Proxecto Educativo como documento activo e participativo que atenderá aos principios e obxectivos educativos que o xustifican.

O documento está accesible na páxina web do noso centro educativo para que estea a disposición de toda a comunidade educativa, no apartado de documentos do centro.

10.2. SEGUIMIENTO

O seguimento e revisión do proxecto educativo considerase un proceso continuado, tendo na avaliación interna que se realiza ao remate de cada curso escolar, coa memoria anual, a opción para comprobar a súa funcionalidade como proxecto educativo adaptado ás necesidades de xestión e organización do noso centro.

A avaliación pode ser anual coas concrecións das programacións xerais anuais ou, se o solicita algún sector da comunidade educativa, cando o acorde o Consello Escolar.

No caso de que non sexa solicitada a revisión do noso proxecto educativo o equipo directivo propoñerá a súa reflexión cada catro cursos escolares.



10.3. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Tal como indica o Título VI da Lei Orgánica 2/2006, de Educación a avaliación abarcará todos os ámbitos educativos regulados pola Lei, e aplicarase sobre os procesos de aprendizaxe e resultados do alumnado, a actividade do profesorado, os procesos educativos, a función directiva, o funcionamento dos centros docentes, a inspección e as propias Administracións Educativas.

Anualmente realizarase a concreción dos obxectivos xerais do proxecto educativo de centro na Programación Xeral Anual. O seguimento dos obxectivos propostos poderase realizar a través dunha folla de cálculo que permitirá asociar cada obxectivo da PXA ao obxectivo xeral correspondente e desagregar as accións que conforman cada un dos obxectivos anuais, rexistrando os responsables, recursos, indicadores, temporalización e estado do obxectivo e das actuacións (programado/acadado/pendente).

Realizarase unha avaliación ao termo de cada curso, de acordo cos seguintes criterios de valoración, que se terán en conta na asignación de indicadores asociados ás diferentes liñas de actuación:

- a) A dirección e coordinación da actividade do centro, en especial no relativo á planificación, elaboración e desenvolvemento do proxecto de centro, á xestión de recursos humanos, materiais e económicos, ao seguimento, control e avaliación da actividade do centro, e ao cumprimento dos obxectivos educativos previstos no proxecto de dirección.
- b) A procura dun clima escolar que favoreza o estudo e a mellora dos resultados escolares.
- c) A potenciación da colaboración do centro coas familias do alumnado, co Concello e con outras entidades que faciliten a súa apertura ao exterior e a súa relación coa contorna.
- d) As accións postas en marcha para contribuír á igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- e) A dinamización da participación, especialmente na coordinación dos órganos colexiados.
- f) O fomento da convivencia no centro e a resolución de conflitos.



g) A contribución ao desenvolvemento de Proxectos de Avaliación e Mellora do centro, especialmente na participación en programas de innovación, fomento da participación do profesorado en plans e programas educativos, e en actividades de formación e de avaliación.

h) O establecemento de actuacións e procedementos que permitan unha atención ás necesidades do alumnado en función das súas características persoais e da realidade socioeconómica e cultural referida á contorna no que vive.

i) O exercicio das competencias en materia administrativa e de persoal.

Ademais, a avaliación do Proxecto deberá abarcar os seguintes aspectos:

- O grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- O clima de convivencia no centro que propiciaron as liñas de actuación marcadas.
- A asignación de funcións e cargos de coordinación docente.
- Os resultados educativos alcanzados con estas medidas e os resultados das Probas de Avaliación de Diagnóstico.
- O seguimento do alumnado.
- O grao de coordinación existente nas actuacións dos diferentes órganos do Centro.
- A mellora das instalacións do centro.
- A utilización que se fai dos espazos e recursos.
- O seguimento e control das normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- A coordinación cos centros adscritos de Educación Primaria.
- A relación co CFR e seguimento do Plan de Formación do Profesorado.
- A coordinación coa Universidade e as actividades de orientación académica do alumnado.

O cumprimento dos obxectivos do Proxecto Educativo validarase anualmente a partir da verificación dos indicadores correspondentes ás liñas de actuacións referidas a cada un dos obxectivos.

As actuacións serán consideradas como realizadas se responden aos indicadores sinalados en cada caso. Ese proceso de avaliación terá lugar ao remate do curso escolar, tendo en conta o nivel de progresión ou desenvolvemento para cada actuación no plano cronolóxico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES Agra de Leborís

Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
e-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



A valoración positiva das actuacións en cada obxectivo sinalará este como logrado. No último Consello Escolar e no último Claustro de cada curso renderanse contas da avaliación da Programación Xeral Anual, previamente á entrega á Inspección Educativa da Memoria Final Anual. A partir da avaliación obteranse unhas Propostas de Mellora que serán perfiladas e incluídas nas liñas de actuación para o curso seguinte



11. NORMATIVA EDUCATIVA, BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

NORMATIVA

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica, do 3 de maio, de Educación.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da Educación Secundaria Obrigatoria e se establece o seu currículo.

Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do Bacharelato e se regula a súa oferta



Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas do Bacharelato e se establece o seu currículo.

BIBLIOGRAFÍA

XERAL

- AAVV (2003). *Del proyecto educativo a la programación de aula*. Grao: Barcelona.
- Bikowski, B. e Phillips, T. (2020). *Enseñar con perspectiva global e inclusiva*. Narcea: Madrid.
- Barbosa, E.F. e Moura, D.G. (2018). *Proyectos educativos y sociales*. Narcea: Madrid.
- Blanchard, M. e Muzas, M.D. (2016). *Los proyectos de aprendizaje*. Narcea: Madrid
- Fullan, M. (2016). *La dirección escolar. Tres claves para maximizar su impacto*. Morata: Madrid
- Pérez, R. (2006). *Evaluación de programas educativos*. La Muralla: Madrid.
- Vergara, J.J. (2021). *Un aula, un proyecto*. Narcea: Madrid.
- Montero, A. (2021). *Todas las reformas la reforma*. Eduforma: Sevilla.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Olivares, J. e Olivares, P. (2019). *Programa para la intervención psicológica del mutismo selectivo en contextos educativos*. Protocolo IPMS. Pirámide: Madrid.
- AAVV (2022). *Inflexibilidad en los niños con TEA*. Cepe: Madrid (Equipo Deletrea).
- Ruíz, H. (2020). *Conoce tu cerebro para aprender a aprender*. ISTF: Barcelona.
- Vaello, J. (2011). *Cómo dar clases a los que no quieren*. Grao: Barcelona.
- García, E. e Magaz, A. (2021). *Niños y adolescente inatentos (TDA)*. Cepe: Madrid.
- Ripoll, J. (2014). *Estudiar y hacer la tarea*. Cepe: Madrid.
- Sánchez, A. (1997). *Estrategias de trabajo intelectual para la atención a la diversidad*. Aljibe: Málaga
- Lozano, J., Cerezo, M.C. e Alcaraz, S. (2015). *Plan de atención a la diversidad*. Alianza Editorial: Madrid.
- Simonis, A. (Comp.) (2005). *Educación en la diversidad*. Laertes: Barcelona.
- Ripoll, J. e Soprano, A. (2021). *La función ejecutiva para educadores*. EOS Psicología: Madrid.
- Ruíz, H. (2021). *Cómo aprendemos*. Grao: Barcelona.



Freeland, C. e Toner, J. (2017). *Qué puedo hacer cuando me da miedo equivocarme*. TEA Ediciones: Madrid.

Martínez, C. e Hoyos, P. (2021). *Manual de conducta en adolescentes con TEA*. CETE Ediciones: Madrid.

AAVV (2019). *Trastornos del espectro autista de alto funcionamiento. Otra forma de aprender*. CEPE: Madrid.

AAVV (2016). *Sal de tu mente y entra en tu vida para adolesecentes*. Desclée de Brouwer: Bilbao.

López, J. (2013). *Entiende tu estrés entiende tu ahora*. Formación Alcalá: Jaén

AAVV (2015). SENA. *Sistema de evaluación de niños y adolescentes*. TEA Ediciones: Madrid.

ACCIÓN TUTORIAL

García, J.M. (2011). *Programa de acción tutorial para la ESO*. Wolters Kluwer: Madrid

La Prova, A. (2017). *La práctica del aprendizaje cooperativo*. Narceo: Madrid

AAVV (2021). *Manual de educación emocional para docentes*. Pirámide: Madrid

O`Callaghan, E. (2018). *Soltando al mamut. Coaching para la transformación educativa*. Santillana: Madrid.

CONVIVENCIA

Vicente, J. (2021). *Convivencia restaurativa*. SM: Madrid

Rodrigo, A. (2020). *Como prevenir conflictos con adolescentes*. Plataforma actual: Barcelona.

WEBGRAFÍA

www.edu.xunta.gal/portal

www.edu.xunta.gal/fp/

www.edu.xunta.gal/fprofe/

www.educacionyfp.gob.es/

www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas.html

www.orientacionandujar.es/